



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**  
Fax: **981- 51 30 00**  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: **P-1501200-H**

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO**

**LUGAR:** Casa do Concello

**DATA:** 28 de abril de 2014

**HORA DE COMEZO:** 20.30 horas

**HORA DE REMATE:** 22.00 horas

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjuás Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús José Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga  
Don Antonio González Barral  
Dona María Dolores García Couto  
Dona Sonia Rodríguez Midón  
Dona Adela Redondo Rendo  
Don Jesús Neira Varela  
Don Xabier Canabal Fernández  
Don Perfecto Barcala Mosquera

### **AUSENTES:**

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión extraordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DÍA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación regulamento servizo de abastecemento, saneamento e verteduras á rede de saneamento**
- 3. Levantamento reparo de Intervención**
- 4. Nomeamento dos membros das mesas electorais, con motivo das eleccións ó Parlamento Europeo 2014**

## **DELIBERACIÓNS**

### **1.Aprobación da acta anterior**

O señor Canabal di: “en canto á acta anterior non vou facer ningunha achega, mais arriscándome (segue dicindo) a saír da orde do día do presente pleno, quixera en primeiro lugar felicitar a recente elección do noso veciño Juan Viaño como Reitor da USC. É unha boa nova e unha honra esta elección para calquera veciño de Boqueixón. Tendo en conta que Juan Viaño foi Compañeiro de Corporación, con quen mantiven unha estreita relación ao longo dun mandato, quixer trasladarlle a Alcaldía a oportunidade de transmitirle parabéns en nome de toda a corporación de Boqueixón.

O señor Barcala tampouco fai alegacións á acta anterior e di, así mesmo, que se alegra do nomeamento do señor Viaño e que efectivamente merece ser felicitado.

A señora García Fraga, nada alega á acta anterior e di que é unha honra para Boqueixón que o señor Viaño fora elixido Reitor da Universidade de Santiago de Compostela e que de feito, xa o grupo de goberno anterior o valorou outorgándolle a medalla de ouro.

Sen máis, por unanimidade apróbase a acta anterior que tivo lugar o 12 de marzo de 2014.

### **2.Aprobación regulamento servizo de abastecemento, saneamento e verteduras á rede de saneamento**

Neste intre, cando son as 20.45 horas, entre no salón de plenos a Concelleira dona Sonia Rodríguez Midón.

Con data 6 de xullo 2012 saíu publicado no DOG o Decreto 141/2012 de 21 de xuño polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

O artigo 34.1 do devandito regulamento establece as obrigas das corporacións locais de elaborar regulamentos en relación cos sistemas de saneamento e depuración.

Elaborados ditos regulamentos, con data 27.02.2014, foron remitidos a Augas de Galicia para a emisión do correspondente informe previo a súa aprobación en cumprimento do establecido no apartado 3 do citado artigo 34.

Con data 4 de abril 2014, rexistro entrada nº 611, recíbese informe favorable de Augas de Galicia no cal se indican só determinados erros que procede efectuar a súa corrección.

Unha vez corrixidos estes erros, propónse o Pleno a súa aprobación

O señor Canabal di que “neste punto, onde non tiveron o suficiente tempo de profundizar, vou en principio a confiar no bo criterio do equipo de goberno, e vou dar por feito de que estes leron con profundidade o regulamento e que o adaptaron ás prácticas que se poden dar en Boqueixón.

Eu pola contra, despois dunha lectura do expediente podo pensar, por un lado, que se trata dunhas ordenanzas xenéricas moi amplas que obriga a Administración Autonómica que non se axustaran á realidade de Boqueixón; mais xa iremos vendo.

Por outro lado, volta a ser unha práctica habitual do PP tanto na Xunta como no Estado; primeiro toca sangrar aos cidadáns en base a unha estratexia de tres tempos:

- A primeira, desmontar o Estado de Benestar regalándolla a empresas privadas.
- A segunda, sangrar aos cidadáns a base de impostos regresivos e inxustos.
- A terceira, incrementar as medidas represivas, é dicir, multas e garrotazos a quen se saía do rego.

E esta ordenanza é do tipo do terceiro tempo. E basta para isto con ver o informe de Augas de Galicia.

Voume abster criticamente e agardar á aplicación da ordenanza, coa esperanza de poder testala e poder cambiala e adaptala á nosa realidade.

O señor Barcala di que no artigo número 1 establécese que o regulamento ten por obxecto establecer as normas de prestación dos servizos de subministro de auga potable e saneamento, regula as relacións entre a Empresa e os usuarios determinando as súas respectivas situacións, dereitos e obrigacións básicas, así como recoller o ámbito de aplicación dos prezos e tarifas e o réxime de infraccións e sancións.

No artigo 2 (segue dicindo o señor Barcala) fala de obrigas do concesionario pero nunca de infraccións e sancións.

Pregunta o señor Barcala onde está o regulamento entre Concello e Empresa concesionaria , pois non se sinala nada deste regulamento, nada se indica das súas relacións, das súas obrigas, dos seus dereitos e do seu réxime de infraccións e sancións.

O servizo seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Concello de Boqueixón. ¿Entón por qué non presta o servizo o concello? Pois se é un servizo público debería prestalo o concello e non externalizalo, como propón o meu grupo.

En conclusión, e despois de revisar o regulamento, penso (di o señor Barcala) que as condicións e cláusulas da empresa concesionaria do abastecemento de auga e do saneamento son claramente abusivas e por parte do concello a defensa dos intereses dos seus veciños neste caso abonados é nula e aínda que conte co visto bo de Augas de Galicia, non me exime de votar en contra do presente regulamento, que non ten outro afán máis que meramente recatorio e non de prestar servizos básicos como son a auga e o saneamento en condicións de igualdade para todos.

Sen máis procédese coa votación e cos votos a favor do PP, en contra do PS de G e a abstención do Concelleiro non adscrito, acórdase:

**1/ Aprobar os regulamentos do servizo municipal de abastecemento de auga e de saneamento:**

# **REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E DE SANEAMENTO**

## **CAPITULO I**

### **OBXECTO, ÁMBITO DE APLICACIÓN DE CONDICIÓN DE SERVIZO**

#### **Artigo 1. Obxecto do Regulamento.**

1. O regulamento ten por obxecto establecer as normas de prestación dos servizos de subministro de auga potable e saneamento no municipio de Boqueixón, regular as relacións entre a Empresa e os usuarios, determinando as súas respectivas situacións, dereitos, deberes e obrigacións básicas, así como recoller o ámbito de aplicación de prezos e tarifas, e o réxime de infraccións e sancións.

2. A efectos de simplificación, no presente regulamento denomínase “abonado” ó usuario que teña contratado o servizo de augas e/ou saneamento. O abonado debe ser titular do dereito de uso da finca, local ou industria.

Denomínase “concesionario” ó adxudicatario da xestión integral do Servizo Municipal de Auga e Saneamento de Boqueixón, en virtude do contrato administrativo que rexe a concesión do mesmo.

Denomínase “rede de distribución” ó conxunto de tubaxes cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalados nas vías públicas a través das cales se subministra auga ás distintas zonas da poboación.

Denomínase “ampliación de rede de distribución” ás extensións ou prolongacións realizadas a partir desta desde un punto xa abastecido ata o lugar de situación doutros inmobles ós se pretende dotar de servizo de auga.

Comprende, así mesmo, este concepto aquelas modificacións que se realizan sobre unha rede existente cando a súa capacidade é notoriamente insuficiente para atender o abastecemento dunha ou varias zonas da poboación.

3. O servizo de abastecemento de auga potable e saneamento do municipio de Boqueixón seguirá ostentando, en todo momento, a condición de servizo público municipal do Excmo. Concello de Boqueixón.

4. Os servizos a que afecta este regulamento quedarán sometidos permanentemente ó control do Concello de Boqueixón, quen poderá revisar os traballos realizados polo

concesionario, en todo momento ou lugar, procurando non entorpecer a prestación dos mesmos.

## **Artigo 2. Obrigacións do concesionario.**

Corresponde ó concesionario, cos recursos o seu alcance:

a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para captar, regular, conducir, depurar, almacenar e distribuír auga potable á poboación do municipio de Boqueixón, así como para recoller, conducir, separar e depurar as augas residuais para a súa vertedura ás canles públicas, de acordo coas condicións que se fixan neste regulamento e na lexislación aplicable, utilizando ó efecto os recursos e medios actualmente dispoñibles e os que no futuro resulten das inversións que se realicen polo propio concesionario, ou lle sexan asignados.

A incorporación ó servizo de obras e instalacións con posterioridade ó comezo da concesión, esixirá a recepción das mesmas polo Concello e a sinatura da acta polo concesionario de adscrición das mesmas ó servizo, calculando previamente a retribución a percibir polo concesionario polo aumento de custos (no caso de que os houbera) que supoñan as novas instalacións.

b) A tramitación e execución de acometidas de subministros de auga e saneamento a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para seu uso en edificios, locais e recintos situados dentro do área da súa competencia, sempre que estes reúnan as condicións esixidas por este regulamento e foran aprobadas pola corporación municipal.

c) Subministrar auga ós usuarios, garantindo a súa potabilidade conforme ás disposicións sanitarias vixentes, ata a chave de rexistro (considerada, con carácter xeral, como inicio da instalación interior do abonado), así como efectuar a recollida de augas fecais ou residuais desde a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado co dominio público e a súa canalización ata a estación depuradora ou punto de vertedura establecido polo Concello.

d) O concesionario deberá cubrir, na súa condición de xestor das infraestruturas municipais, a súa eventual responsabilidade civil por danos causados a terceiros subscribindo unha póliza de seguros axeitada.

e) Dispor dun servizo permanente para recepción de avisos de avarías e para informacións urxentes e aquelas anomalías que poidan producirse relacionadas coa prestación do servizo.

f) Informar ós abonados, sempre que sexa posible e polos medios adecuados de difusión, das interrupcións ou alteracións que se produzan no subministro como resultado das súas actuacións ou de terceiros.

g) Colaborar coas autoridades e centros de educación para facilitar, sen afectar á explotación, cos abonados e público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.

h) Contestar ás reclamacións que se lle formulen por escrito no prazo regulamentario.

i) Aplicar os prezos e cadros de tarifas correspondentes ós distintos tipos de subministro e saneamento que, en cada momento, se teñan aprobadas.

### **Artigo 3. Dereitos do concesionario.**

Ademais dos dereitos que ó concesionario lle outorguen as disposicións legais e regulamentarias en materia de xestión do servizo público e das recoñecidas á empresa adxudicataria no contrato concesionario, con carácter xeral, terá os seguintes dereitos:

a) Inspeccionar, revisar e informar das instalacións interiores do subministro que, por calquera causa, poidan interferir no funcionamento do servizo.

b) Percibir nas súas oficinas ou ben por domiciliación bancaria a través das contas dos abonados, o importe das facturacións ou cargos que, debidamente autorizados, corresponda pagar ós abonados e usuarios polas prestacións que realizara o concesionario.

### **Artigo 4. Obrigacións do abonado.**

#### **Son obrigacións do abonado:**

a) Todo abonado virá obrigado a aboar puntualmente os cargos que o concesionario lle formule conforme ós prezos e tarifas aprobados, así como os que se deriven da prestación dos servizos complementarios a que fai referencia o presente regulamento.

A obrigación do pago íntegro dos consumos de auga se considerará extensiva ós casos en que os mesmos se orixinaran por fuga, avaría, ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, ou por calquera outra causa non imputable ó concesionario.

b) Os abonados deberán, en interese xeral e no seu propio, comunicar así mesmo ó concesionario calquera avaría ou perturbación (fugas, perdas de presión, verteduras

incontroladas, etc.) que, ó seu xuízo, se produzan na rede de distribución pública ou nas instalacións privadas.

Analogamente, deberán comunicar ó concesionario a existencia de obstrucións na rede de saneamento, que produzan ou sexan susceptibles de producir desbordamentos, olores ou calquera tipo de molestias ós cidadáns.

Igualmente, deberán notificar ó concesionario as manipulacións nas redes ou os usos indebidos de auga que poidan ser causa grave de contaminación ou perigo de accidente para persoas ou bens.

c) Facilitar o libre acceso ás instalacións ou recintos, ós empregados da empresa ou persoa autorizada para o desenvolvemento dos traballos relacionados coa realización de lecturas, inspeccións, obras e reparacións.

d) Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, estará obrigado a interesar á empresa dita baixa cunha antelación mínima de 48 horas, para poder efectuar a lectura do contador, precintado do mesmo e facturar o consumo correspondente.

e) Cando nunha mesma finca, xunto ó auga do servizo municipal, existira auga doutra procedencia, o abonado virá obrigado a establecer nas instalacións interiores medios axeitados para evitar a entrada desas augas na rede xeral.

O concesionario non se responsabilizará da calidade das augas nas instalacións interiores, advertíndose ós abonados da responsabilidade en que poden incorrer, de producirse, por retroceso, a alteración das condicións de potabilidade das augas da traída pública.

f) O abonado, baixo a súa exclusiva responsabilidade, non poderá:

1. Inserir nas tubaxes de abastecemento, sen previa autorización do concesionario, bombas ou calquera aparato que modifique ou poida afectar ás condicións da rede de distribución no seu entorno e, consecuentemente, interfiran co servizo prestado a outros abonados.

2. Revender ou ceder, incluso a título gratuíto, o auga subministrada polo concesionario.

3. Modificar os accesos ós contadores e aparatos de medida, sen comunicación ó concesionario.

4. Utilizar o auga do servizo público para fines distintos ós contratados.

5. Manipular as instalacións interiores xerais, nin instalar elementos nelas.
6. Realizar consumos de auga que non sexan controlados polo equipo de medida ou introducir calquera alteración nas instalacións que permitise estes consumos.
7. Ocasionar voluntariamente ou por conduta negligente fugas de auga.
8. Romper ou alterar os precintos de medida.

#### **Artigo 5. Dereitos dos abonados.**

Serán dereitos dos abonados:

- a) Dispor permanentemente de subministro de auga potable, de acordo coas condicións que figuren no seu contrato, sen outra limitación que as establecidas no presente regulamento e as demais disposicións de aplicación.
- b) Ser informado de tódalas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo en relación ó seu subministro, así como recibir contestación por escrito, no prazo regulamentario previsto, ás consultas formuladas por idéntico procedemento.

#### **Artigo 6. Reclamacións dos abonados.**

1. Toda persoa física que, en nome propio ou en representación de terceiros, desexe formular reclamación contra os empregados do concesionario ou contra o que considere calquera anomalía no funcionamento do mesmo, poderá facelo mediante escrito dirixido á Dirección do Servizo de Augas ou ó Concello.
2. Nas reclamacións que poidan formularse sobre o cumprimento das condicións do servizo, o reclamante deberá acreditar a condición de abonado e estar ó día no pago dos recibos correspondentes.
3. As reclamacións que se formulen por danos e prexuizos que se causen polo concesionario rexeranse pola lexislación aplicable, tendo en conta a natureza das mesmas e o seu carácter contractual ou extracontractual.
4. As reclamacións faranse dentro das primeiras 48 horas despois de producirse os danos.



## CAPITULO II

### **PÓLIZA DE ABONO, SUBMINISTRO DE AUGA E CONEXIÓN DE VERTEDEURAS**

#### **Artigo 7. Pólizas de abono.**

Se denomina póliza de abono ó contrato suscrito entre o concesionario e o abonado, que inclúe os termos e condicións pactados para o subministro de auga e a prestación do servizo de saneamento.

Para a petición do subministro:

- No caso de vivenda nova o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.
  
- No caso dunha obra, o peticionario presentará a licenza para a mesma, realizándose un contrato de auga de obra que se terá que dar de baixa unha vez finalizada.
  
- No caso dunha industria ou comercio o usuario presentará solicitude e xustificante de aboamento da correspondente taxa.

En ningún caso se procederá ó subministro se non están realizados os anteriores requisitos.

Farase un contrato dos servizos de abastecemento e saneamento por cada vivenda, local ou dependencia independentes, aínda que pertencen ao mesmo dono, sexan contiguas, estean ocupadas ou valeiras.

Nos casos en que estea constituída a comunidade de propietarios con contador xeral único, esta deberá subscribir unha póliza de abono xeral, que deberá incluír unha cota fixa, e/ou un mínimo equivalente ao nº de locais e vivendas que poidan ser utilizadas de forma independente.

Non se subscribirá contrato de subministro a aquel usuario con recibos pendentes de cobro, sexa cal fora a situación do novo subministro solicitado.

Baixo ningún concepto faranse concesións gratuítas, calquera que sexa o carácter e natureza do peticionario, considerándose caducadas as que actualmente poidan existir, de tal modo que non se considerarán “consumos municipais”, os consumos daquelas dependencias, que sendo municipais, teñan contratada a súa xestión cunha empresa privada.

Tódolos acordos anteriores quedarán en suspenso á entrada en vigor do presente regulamento.

O traslado de domicilio e ocupación do mesmo local por persoa distinta á que formalizou o contrato, esixe novo contrato, ou no seu caso, a subrogación do anterior, sempre que se cumpran tódolos requisitos deste regulamento.

Non se autorizarán altas nin baixas temporais, excepto no especificado no artigo 10º.

### **Artigo 8. Solicitude de acometida. Utilización do subministro.**

1. A solicitude de acometidas ás redes de distribución de auga potable e de evacuación de augas residuais deberá presentarse, de forma independente, para cada finca que legal ou fisicamente constitúa unha unidade de edificación, debendo cada unha delas satisfacer por separado as condicións previstas neste regulamento.

Se considerarán unidades de edificación independentes os edificios dun só portal, ou cada un dos portais no caso de que existan varios nun mesmo edificio. No caso de que un mesmo edificio ou construción teña máis dun acceso, o concesionario poderá decidir a conveniencia de realizar, a medida que lle sexan solicitadas, máis dunha acometida.

2. Queda expresamente prohibida a utilización dun subministro de auga ou dun colector de vertidos por outra finca ou propiedade distinta daquela para a que se contratou, aínda cando pertencen ó mesmo dono.

3. Naqueles casos nos que, a xuízo do concesionario, exista causa xustificada, o titular do uso dun local comercial ou industrial de planta baixa dun inmovible, poderá contratar, a súa costa, acometidas independentes.

4. O concesionario está autorizado para vixiar as condicións e forma na que os abonados utilizan os servizos de abastecemento e saneamento.

### **Artigo 9. Servizo a novas edificacións e novas urbanizacións.**

1. As extensións das redes de abastecemento e/ou saneamento para edificacións novas ou antigas que non o posúan serán a cargo do abonado e pasarán á rede municipal.

2. As instalacións das redes de abastecemento e saneamento propias de urbanizacións, novas rúas ou polígonos, serán executadas a cargo do promotor, con suxeición ó correspondente proxecto técnico necesariamente aprobado polo Concello, e previo informe favorable do concesionario. A traza destas redes será sempre polos viais públicos.

3. O permiso de acometida de subministro e saneamento para o polígono ou urbanización, así como para os solares e inmobles radicados nel, estará supeditado a que previamente se acredite o cumprimento das condicións seguintes:

- Os esquemas das redes interiores de distribución e saneamento, así como as demais instalacións relacionadas, deberán ter sido aprobados polo concesionario do servizo e proxectados por técnico competente, debendo ser executados por conta do promotor ou propietario da urbanización ou polígono, e con cumprimento das normas técnicas do concesionario ou que prevera, a tales fins, o propio Concello.

- O concesionario poderá esixir, tanto durante o desenvolvemento das obras como na súa recepción ou posta en servizo, as probas hidráulicas e ensaios necesarios, co fin de garanti-la idoneidade de execución e o cumprimento das especificacións de calidade que afecten ós materiais previstos no proxecto, sendo os gastos derivados de tales probas a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

4. En ningún caso estará facultado o promotor ou executor da urbanización para realizar as acometidas de abastecemento ou saneamento nos posibles edificios, soares ou parcelas da mesma, o cal é competencia exclusiva do concesionario.

5. O enlace das redes interiores coas conducións exteriores que forman a rede pública xestionada polo concesionario, así como as modificacións ou eventuais reforzos ás mesmas que houberan de efectuarse nelas, como consecuencia das novas demandas impostas pola urbanización, quedarán perfectamente delimitadas no proxecto previo e executaranse sempre polo concesionario e a cargo do promotor ou propietario da urbanización.

6. Unha vez finalizadas as instalacións, serán verificadas polo concesionario, e informará ó Concello no que lle afecte para a aceptación da propiedade das instalacións, as súas servidumes de paso e usos da urbanización que pasen a dominio público, asumindo a xestión e mantemento dos servizos de abastecemento e saneamento, unha vez que lle sexa ordenado polo Concello.

7. Se poderá denegar a solicitude de acometida ou acometidas as súas redes polas causas ou circunstancias seguintes:

a) Por incumprimento do estipulado neste regulamento no que se refire a documentación e requisitos previos para a conexión ás redes públicas.

b) Cando a cota de vertido do inmovible para o que solicita a acometida da rede de saneamento sexa inferior á da rede de condución xeral correspondente, salvo que o propietario instale e manteña, a súa costa, o sistema de bombeo adecuado.

c) Cando algunha parte das instalacións xerais deba discorrer por propiedade de terceiros, sen que se acredite a constitución da servidume de paso, inscrita no Rexistro da Propiedade ou non se adquira a franxa de terreo afectada.

d) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento sexa insuficiente para un correcto servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, o grupo de elevación e alxibe correspondentes.

O concesionario poderá, se o abonado o acepta expresamente, contratar o servizo sen responsabilizarse das deficiencias producidas pola falta de presión, termo este que quedará debidamente reflectido no contrato.

e) Cando a presión no punto de acometida de abastecemento se considere excesiva para o servizo, e non se instalaran, a cargo do abonado, as medidas de redución de presión axeitadas.

#### **Artigo 10. Tomas de auga provisionais e temporais.**

1. Excepcionalmente, o concesionario poderá conceder acometidas ou tomas de auga con carácter provisional ou temporal para obras.

2. En ningún caso se utilizará para vivendas e locais a auga subministrada para unha acometida de obra. Ó finalizar as obras, o construtor ou promotor comunicará este feito ó concesionario e quedará clausurada automaticamente esta acometida, rexéndose o subministro polas condicións xerais establecidas.

3. Ata a sinatura das pólizas definitivas do servizo, manterase en vigor a póliza do servizo provisional para obra, sendo o construtor ou solicitante autorizado o responsable de aboar toda a auga consumida, que se lle facturará á tarifa de obra, independentemente do uso que houbera tido.

#### **Artigo 11. Contratante e titular do contrato.**

1. O contratante do subministro e saneamento será o titular ou titulares da finca, local ou industria a abastecer, ou quen o represente legalmente, a salvo das excepcións que se detallan neste artigo. Os dous servizos serán dados de alta a nome da mesma persoa.

No seu caso, o contratante poderá ser o inquilino, con autorización bastante da propiedade. Esta autorización implicará a asunción, por parte do propietario, das eventuais responsabilidades e do resarcimento de danos ó concesionario, no caso de incumprimento do contrato de subministro e saneamento por parte do inquilino.

2. Non poderá ser abonado do subministro de auga e saneamento quen, habendo sido con anterioridade para outra finca, local ou industria, fora penalizado con suspensión de subministro ou resolución do contrato por falta de pago ou medida regulamentaria, a non ser que satisfaga integramente as súas anteriores obrigacións, cos recargas, intereses e gastos que houbera lugar.

3. Toda acometida destinarase exclusivamente ós usos para os que houbera sido solicitada e concedida, debendo comunicar o abonado previamente ao concesionario calquera modificación, solicitando a súa aprobación e a formalización dun novo contrato no que se inclúan as circunstancias modificadas.

4. Nos casos de cambio de titularidade da finca, local ou industria abastecidos, e cando sexa o propietario o abonado titular do contrato de subministro, ambos deberán comunicar fidedignamente, dentro do prazo dun mes, o cambio habido, co fin de proceder a formalizar un novo contrato de subministro a nome do novo titular.

5. Nos casos nos que os titulares do contrato de subministro foran os inquilinos, o novo inquilino deberá substituír a autorización do propietario a que se fai referencia no apartado primeiro deste artigo, por outra similar o seu nome.

Se houbera modificación de propiedade da finca, local ou industria sen cambio de titularidade do contrato de subministro e saneamento, o novo propietario entenderase inescusablemente subrogado nas responsabilidades asumidas polo anterior propietario en relación cos incumprimentos do contrato e resarcimento de danos que puideran causar ó concesionario os inquilinos do inmovible, cando non os houberan asumido estes.

6. Nos casos en que o solicitante dos servizos sexa unha comunidade de propietarios, só poderá contratar os mesmos o seu representante legal, debidamente acreditado.

7. Nos casos en que se soliciten os servizos para execución de obras, o contratante deberá ser o titular da licenza municipal.

## **Artigo 12. Altas e baixas no servizo.**

Toda alta no servizo será obxecto de solicitude do interesado, e subscripción da correspondente póliza na que se fará constar as características do subministro e que producirá efectos económicos dentro do trimestre no que comece o disfrute do servizo e coa facturación correspondente ó trimestre completo.

No caso de contadores colectivos, cada unha das vivendas ou locais subministrados a través dese contador abonará a cota de “Alta de Contrato” e “Fianza” especificadas na ordenanza fiscal correspondente.

Cada vez que se produza unha alta se pagarán as taxas municipais de acordo co establecido na ordenanza fiscal.

As baixas solicitaranse polo titular do contrato subscribindo a correspondente solicitude, e previa comprobación e pago dos recibos pendentes do trimestre no que se solicita a baixa, pasarase orde para corte de subministro e precintado da chave de paso.

### **Artigo 13. Tipos de subministros.**

A prestación do servizo se clasificará segundo o especificado na ordenanza fiscal polos tipos de tarifas, pero como norma xeral será:

**1. Usos domésticos.** Son aqueles nos que a auga se utiliza exclusivamente para atender necesidades primarias da vida, preparación dos alimentos e hixiene persoal.

Aplicarase esta modalidade exclusivamente a locais destinados a vivendas, sempre que neles non se realice actividade industrial, comercial, profesional, nin de servizos de calquera tipo.

**2. Usos comerciais.** Son aqueles nos que a auga se utiliza para o acondicionamento, limpeza ou hixiene en establecementos profesionais, comerciais ou de servizos.

**3. Usos industriais.** Son aqueles nos que a auga constitúe un elemento directo ou indirecto dun proceso de produción.

Aplicarase esta modalidade a tódolos locais ou establecementos nos que se desempeñe unha actividade industrial, así como a centros de ensinanza, deportivos, clubs sociais e recreativos, garaxes e, en xeral, para todos aqueles non destinados a vivenda.

Terán tamén a consideración de usos industriais aqueles usos, potencialmente domésticos, para os que, como resultado das inspeccións e análises que realizará o servizo municipal ou os laboratorios autorizados ó efecto, se determinará unha contaminación improcedente das augas residuais, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrerá o actuante.

**4. Usos municipais.** Son aqueles que corresponden ós edificios e instalacións municipais.

O Concello instalará contadores en todos e cada un dos puntos de subministro que lle afecten, calculándose polos servizos técnicos do concesionario os consumos municipais onde, polas características de ditos puntos, non poida instalarse un contador.

Non se considerarán consumos municipais, os das dependencias que sendo municipais teñan contratada a súa xestión a unha empresa privada.

**5. Uso para obras.** Son aqueles nos que a auga se usa na construción.

**6. Usos especiais.** Considéranse subministros especiais aqueles non incluídos nas modalidades anteriores.

#### **Artigo 14. Causas de suspensión do subministro.**

1. Para a suspensión do servizo de abastecemento a un abonado, o concesionario deberá seguir o procedemento legal previsto ó efecto.

A utilización inadecuada por parte dun abonado do servizo de saneamento ocasionará a suspensión do servizo de abastecemento, como medida complementaria.

2. O concesionario poderá suspender o servizo de abastecemento e/ou saneamento a un abonado nos seguintes casos:

a) Se tivese pendentes de pago un ou máis recibos correspondentes ó importe dos servizos conforme ó estipulado na ordenanza fiscal.

b) Por falta de pago, das cantidades resultantes de liquidacións en firme de fraude, ou no caso probado de reincidencia no mesmo.

c) En tódolos casos en que o abonado empregue a auga que se lle subministre, en forma ou para usos distintos dos contratados.

d) Cando o abonado estableza ou permita establecer derivacións na súa instalación para subministro de auga ou evacuación de residuais a outros locais ou vivendas diferentes á consignada na súa póliza de servizo.

e) Cando o abonado non teña instalado contador (ou se atope avariado e non proceda á substitución do mesmo a pesar da comunicación do servizo) para control do consumo de auga.

f) Cando o abonado manipule o equipo de medida falseando desa forma as medicións do consumo realizado.

g) Cando o abonado non permita a entrada no local a que afecta a póliza de servizo, en horas hábiles ou de normal relación co exterior, ó persoal que, autorizado polo concesionario e provisto da súa correspondente documentación acreditativa, trate de

revisar as instalacións, sendo preciso, en tal caso, que se faga constar a negativa ante testemuñas, ou en presenza dalgún axente da autoridade.

h) Por negligencia do abonado respecto á reparación de avarías nas súas instalacións, que poidan causar danos ás redes, á vía pública ou a terceiros.

i) No caso de realizar verteduras non autorizadas que poidan producir danos nas instalacións de saneamento ou depuración, aténdose o concesionario á lexislación vixente.

j) No caso de que o abonado utilice a auga para rego de hortas, cultivos ou zonas verdes en terreos anexos á vivenda habitual, cando por causas excepcionais, o Alcalde prohiba os consumos para estes usos, e así o dispoña mediante bando.

3. Os gastos orixinados para o restablecemento serán por conta do abonado, que non recuperará o servizo ata que proceda ó seu pago.

### **Artigo 15. Reservas de auga.**

1. Concello e concesionario poderán establecer as condicións e prioridades no uso de auga potable no suposto de restricións por seca, catástrofes ou accidentes graves nas instalacións de captación, tratamento ou distribución da auga, utilizando o seu mellor criterio para reducir o dano á poboación afectada, e comunicando as medidas adoptadas ás autoridades competentes, e a poboación a través dos medios de difusión máis axeitados

2. Os abonados que prevean utilizar a auga para alimentar aparatos ou instalacións que poidan verse danados como consecuencia dunha interrupción ou diminución de presión en subministro, en todos os locais nos que se desenvolve calquera tipo de actividade no que a auga represente unha permanente e inescusable necesidade para a saúde pública ou seguridade de persoas e bens, e, especialmente, en centros hospitalarios, almacéns de produtos inflamables e combustibles e grandes centros comerciais deberán dispor de depósitos de reserva con capacidade suficiente, e adoptar, en xeral, as medidas necesarias para garantir a continuidade do servizo, sen prexuízo do que establezan as regulacións específicas de cada sector.

Igualmente, as industrias nas que a auga represente un elemento indispensable no proceso de produción ou conservación de produtos, deberán dispor de depósitos de reserva, de forma que quede asegurado o seu autoabastecemento mínimo durante ó menos, 24 horas.

O prestador do servizo quedará exonerado de responsabilidade civil nestes casos, que polas súas características especiais deberán proverse de medios de reserva.



3. O concesionario non será responsable dos danos que poida ocasionar unha eventual falta de subministro motivada por avarías ou pola normal manipulación da rede.

#### **Artigo 16. Depósitos e grupos de presión particulares.**

1. En todos os edificios, nos que a presión da rede no punto de acometida poida ser insuficiente para o correcto abastecemento, a empresa concesionaria do servizo estará obrigada á instalación dun grupo elevador e depósito que garantan o abastecemento regular a todas as vivendas ou locais da finca.

2. Como medida de hixiene e control, recoméndase que estes depósitos dispoñan dos medios adecuados para a súa fácil e eficaz limpeza periódica. Obrigatoriamente, deberán estar provistos dun rexistro de entrada, desaugue e tubo de ventilación.

O desaugue do depósito de reserva irá conectado á rede de saneamento.

3. Os depósitos de reserva conectaranse obrigatoriamente ó tramo de acometida interior, é dicir, con posterioridade ó emprazamento do contador.

#### **Artigo 17. Avarías en instalacións interiores.**

1. Enténdese por instalación interior de abastecemento a comprendida a partir da chave de rexistro de acometida. Quedará excluído o contador como parte da instalación interior.

2. O propietario dun edificio será responsable das avarías que se produzan na instalación interior e realizará, ao seu cargo, coa maior rapidez que lle sexa posible e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de cinco días naturais, á reparación das avarías que se presenten a partir da chave de rexistro e antes do contador. Transcorrido dito prazo sen que se reparara a avaría, o concesionario procederá ó corte de subministro ata que se efectúe a reparación, e inspeccionará a instalación con posterioridade á mesma, antes de reanudar o servizo.

3. Se, a xuízo do concesionario ou de técnico competente, se determinara que existe perigo grave para a seguridade das persoas por mal estado das instalacións, ou ameaza de danos graves, o concesionario poderá suspender o subministro de forma inmediata, poñéndoo en coñecemento do interesado. Neste caso, como naqueles outros nos que exista necesidade de acometer a reparación con urxencia, o concesionario informará ó Concello e poderá repercutir ó abonado os gastos en que se incorrera, debidamente xustificadas.

### **Artigo 18. Sistemas contraincendios.**

1. A conexión á rede pública de abastecemento das acometidas para sistemas contraincendios esixirá a sinatura dun contrato específico entre o concesionario e o abonado.

Dito contrato terá a mesma tramitación e carácter que os de subministro ordinario e estará, polo tanto, suxeito ás mesmas prescricións reguladas por aqueles. A utilización da rede contra incendios será unicamente con ese fin.

2. As redes interiores de incendio serán sempre independentes das restantes existentes na finca, e non poderá ser conectada derivación algunha para outros usos.

3. Nas instalacións contraincendios instalaranse aparatos medidores de consumo. No caso de utilizar este servizo para outro uso que non sexa o de extinción de incendios, a auga consumida facturarase de acordo coas tarifas vixentes en cada momento.

### **Artigo 19. Bocas de rega contra incendios.**

1. O Concesionario situará, a petición do Concello ou dos abonados e, con cargo ó peticionario, as bocas de rega contra incendios que lle sexan solicitadas, de acordo coas instrucións que en cada caso, sinale o Concello.

### **Artigo 20. Subministro temporal para obras de urbanización e actuacións en dominio público.**

1. Para a execución de obras de urbanización e daquelas instalacións que se realicen nas rúas, vías públicas ou bens de dominio público, o concesionario autorizará, a petición da entidade pública ou do contratista adxudicatario da obra, o uso da auga procedente das bocas de rega ou hidrantes.

2. Cando o solicitante sexa o contratista da obra ou o propietario da actuación, deberá constituír previamente ante o concesionario para responder de eventuais danos sobre as instalacións públicas, un depósito equivalente ó dobre do valor de reposición da boca de rega ou hidrante. O depósito será devolto ó contratista, unha vez transcorrido o prazo de utilización do subministro, se non se houberan producido danos.

3. O consumo de auga a que se refire o presente artigo será aboado polo contratista, segundo o consumo rexistrado polo contador que o concesionario houbera instalado a tal efecto.

4. Salvo os casos previstos nos anteriores números deste artigo, a utilización das bocas de rega ou hidrantes, só estará permitida ós servizos públicos de extinción de incendios e a outros servizos municipais, calquera que sexa a forma de xestión, quedando exentos de pago os consumos que se produzan pola utilización daquelas.

## **CAPITULO III**

### **SERVIZO DE ABASTECIMENTO**

#### **1.- ACOMETIDAS**

##### **Artigo 21. Acometidas de abastecemento.**

a) Denomínase rede de distribución de auga potable ó conxunto de tubaxes, cos seus elementos de manobra, control e accesorios, instalado en rúas, prazas, camiños e demais vías públicas para distribuír auga á poboación.

b) Enténdese por acometida de abastecemento, o ramal que, partindo dunha tubaxes de distribución, conduza o auga ó pé do edificio ou ó límite da propiedade que se desexa abastecer. Esta acometida comprende desde o collarín de toma na tubaxe xeral, ata a chave de rexistro situada nunha arqueta de rexistro, ó pé da edificación ou límite da propiedade. Estará formada por unha tubaxe única de características específicas segundo o caudal e presión de auga a subministrar.

No caso de execución de acometidas clandestinas, por parte do propietario, suspenderase o servizo ata que teña a autorización correspondente, e unha vez aprobada aboará os custos totais de execución da acometida, previamente á realización do contrato.

c) Como norma xeral, non se concederán aisladamente acometidas de subministro de auga potable nin de verteduras de augas residuais, tramitándose simultaneamente ambas solicitudes. As obras correspondentes executaranse, na medida do posible, ó mesmo tempo, sempre que exista rede de auga e colectores en servizo.

##### **Artigo 22. Características da acometida.**

A determinación das características das novas acometidas ou da ampliación do servizo dun inmovible e a súa instalación, serán sempre competencia exclusiva do servizo de augas, quen realizará os traballos correspondentes a cargo do petionario, segundo os prezos aprobados polo Concello. Así mesmo o servizo determinará as modificacións, que na rede existente, deberán efectuarse como consecuencia da petición, e que tamén satisfará o petionario, entendéndose que esta modificación pertence, a tódolos efectos, ó patrimonio municipal. Caso de non aboar o solicitante esta modificación non se procederá ó subministro.

Toda persoa que desexe acometida de abastecemento de auga potable e/ou acometida de vertedura de augas residuais, fará unha solicitude no concello o cal a remitirá ó servizo municipal de augas, que realizará un informe das condicións necesarias para a conexión e o entregará no Concello para que procedan o seu estudio e aprobación, si o consideran oportuno.

A aprobación por parte do Concello será trámite indispensable para proceder á conexión á rede municipal, así como un orzamento, segundo tarifa vixente, do custo de ditas acometidas, que satisfará o solicitante antes de dar comezo as obras.

### **Artigo 23. Subministro a unha urbanización.**

No caso de solicitude de subministro a unha urbanización privada, poderá facerse de dous modos distintos :

- Se os propietarios da urbanización desexan que a rede xeral interior siga sendo privada, co consentimento do Concello e do concesionario instalaráselle un contador xeral no límite da rede municipal e facturaráselle a nome da comunidade o importe da lectura total do mesmo, con tantos mínimos e/ou cotas de servizo e mantemento como vivendas e puntos de consumo comunitario existan no interior da urbanización.

Neste caso, tódalas avarías que se produzan a partir do contador xeral serán por conta da comunidade.

- Se queren instalar contadores individuais de consumo, terán que ceder a rede xeral que pasará a ser de propiedade municipal, aplicándose a cada vivenda o especificado neste regulamento, e procedéndose por parte do servizo á instalación das acometidas individuais e os contadores correspondentes, así como os dos consumos comunitarios que serán facturados á comunidade.

- Antes da recepción da rede por parte municipal, inspeccionaranse os materiais que a constitúen e efectuaranse as probas de presión e estanqueidade que o concesionario considere necesarias, con cargo ó promotor ou propietario da urbanización. Se o resultado das probas é satisfactorio procederase á recepción.

### **Artigo 24. Conservación de acometidas.**

Se na ordenanza municipal estivese prevista cota de conservación de acometidas de abastecemento, as reparacións das avarías nas acometidas, que sexan debidas o seu normal uso corresponderán ó servizo de augas con cargo a esta cota, sen que se produza ningún outro cargo ó abonado por este motivo.

Se a avaría fose debida a outras razóns diferentes ás do seu normal uso a reparación ou substitución será realizada polo servizo de augas, e facturárase ó abonado o importe da reparación.

## **2.- CONTADORES**

### **Artigo 25. Contadores.**

1. Os contadores ou medidores de caudais de subministro de auga potable serán dos tipos aprobados e verificados polas Delegacións de Industria ou Organismos competentes.
2. O concesionario manterá unhas existencias de contadores, adecuadas ás necesidades e caudais de subministro, para a súa venda ós abonados que o soliciten. A venda de ditos contadores realizarase de conformidade coas tarifas aprobadas polo Concello.
- 3.- É obrigación do abonado a conservación en bo estado do aparato de medida e do recinto no que se aloxa, así como do acceso ó mesmo.
4. A reparación ou substitución dos contadores avariados, ó inicio do contrato, será realizada polo concesionario.
5. Todos os puntos de consumo e de subministro deberán dispor de contadores para controlar os caudais tanto rexistrados como subministrados. O custo da instalación destes contadores correrá a cargo do usuario pertinente.
6. A empresa comprometerase a efectuar a instalación do contador nun período non superior ó día laborable posterior ó de contratación.
7. O concesionario deberá comprometerse a colocar no prazo de seis meses, os contadores ós usuarios que actualmente non o posúen, incluídas as dependencias municipais. Os traballos e elementos necesarios para este fin, serán de conta exclusiva dos abonados.

### **Artigo 26. Colocación e conservación dos contadores.**

1. As operacións de conexión e desconexión dos contadores só poderán executalas os empregados do servizo, prohibíndose a calquera outra persoa facer calquera operación neles. Así mesmo queda prohibido alterar os precintos que como garantía levan colocados os contadores. Se por calquera accidente se romper un deles, pasarase inmediatamente aviso ó servizo, quen levará a efecto a reposición o antes posible.

O custo de instalación e/ou conexión quedará determinado polo correspondente cadro de prezos.

2. No caso de existencia de cota de conservación de contadores, a substitución ou reparación dos inutilizados ou avariados polo seu normal uso ou antigüidade, corresponderá ó concesionario con cargo a esta cota. De non existir esta cota os gastos correspondentes serán por conta do abonado.

3. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras razóns diferentes ás do seu uso normal (xeadas, actos vandálicos, etc.) será por conta do abonado, en cuxo caso se lle notificará por escrito dándolle un prazo de 7 días para persoarse nas oficinas do servizo e abonar o importe correspondente á reparación ou substitución. De non facelo así, procederase ó corte do subministro.

4. O abonado poderá instalar, pola súa conta e para a súa propia administración, cantos contadores divisionarios de consumo estime convenientes.

O concesionario guiarase, para a facturación de consumos, exclusivamente polos aparatos de medida do servizo, non vindo obrigado a aceptar as reclamacións que se apoien en lecturas dos contadores particulares non conexiónados polo concesionario.

En caso de rescisión de contrato ou de contadores conexiónados por persoal distinto ó do servizo municipal de augas, o servizo procederá a retirar o contador do abonado que quedará depositado nas oficinas do servizo, e poderá pasar a recollelo dentro dos tres meses seguintes a súa retirada.

### **Artigo 27. Contadores individuais e contadores comunitarios.**

1. Toda vivenda unifamiliar, piso ou local comercial (independentemente de que sexa destinado a actividades industriais, ó exercicio profesional ou á prestación de calesquera servizos) disporá dun contador individual debidamente verificado pola Delegación de Industria. Non se autorizará a instalación de contadores comunitarios.

2. No caso de que existan comunidades de propietarios ou edificios con contador xeral instalados de antigo, o mínimo de abono obrigatorio e cotas de servizo e/ou mantemento, será o que corresponda á suma de tantos mínimos e cotas como número de vivendas ou locais constitúan a comunidade, incluídos os subministros a servizos propios da mesma. A comunidade de propietarios será a responsable do pago do recibo correspondente.

Neste caso se considerará un número de vivendas ou locais, a efectos de facturación, aqueles que poidan ser utilizadas de forma independente, aínda cando sexan dun mesmo propietario, estean ocupadas ou valeiras.

3. Os subministros existentes, sen contador medidor de caudal ou co contador estragado, estableceráselle un período de 7 días para a instalación de dito aparato, durante o cal se facturará o estimado polo servizo en función das características do subministro, e ó menos o dobre do mínimo marcado pola ordenanza en cada tipo de subministro. Pasado dito período procederase ó expediente de corte de subministro no caso de que sexa abonado ó servizo.

4. Nos casos en que nun mesmo edificio existan distintos tipos de subministro (doméstico, industrial, hostaleiro, etc.) instalaranse contadores independentes para cada un deles, pero se debido a esixencias técnicas, soamente se pode instalar un, o consumo total tarifarase conforme á tarifa máis alta correspondente ós englobados no contador único.

5. Non se permitirá estender unha mesma concesión a varias fincas ou edificacións, aínda no caso de estar contiguas e pertencer ó mesmo dono.

6. Os contadores estarán colocados nun lugar adecuado, de libre acceso, na planta baixa, cerca da chave de paso instalada fronte á finca de que se trate e sempre no exterior da vivenda. No caso de vivendas colectivas se situaranse nun compartimento ou caixa, mediante o sistema chamado de batería ou similar, de tal forma que o empregado lector do servizo poida libremente anotar as indicacións de todos os contadores nun só acto.

Os contadores situados no interior das vivendas serán trasladados ó exterior ou ó límite da propiedade no prazo máis breve posible.

#### **Artigo 28. Lectura de contadores.**

1. O abonado estará obrigado a facilitar o acceso ó contador ó persoal do concesionario, os cales deberán levar a oportuna identificación.

A lectura dos contadores polo concesionario deberá facerse no período comprendido entre as nove e as vinte horas.

2. A lectura periódica dos contadores será realizada por empregados do concesionario, debidamente acreditados. A lectura tomada determinará o consumo do abonado. A lectura e facturación de consumos farase trimestralmente.

3. Cando, por circunstancias alleas á vontade do concesionario, non fose posible a lectura do contador do abonado, o empregado estará obrigado a deixar constancia da súa visita, depositando na caixa de correos do abonado ou similar, unha tarxeta na que reflectirá esa circunstancia e na que o abonado poderá reflectir a lectura efectuada por él mesmo.

O abonado deberá devolver o impreso de lectura debidamente cumprimentado antes dos seis días seguintes á data de entrega do mesmo polo lector. Os impresos de lectura recibidos polo concesionario con posterioridade a este prazo poderán ser considerados nulos, realizándose a facturación como se o consumo fose cero nese período, e sen que de lugar a descontos por eses mínimos en facturacións posteriores.

#### **Artigo 29. Comprobación de contaxe do contador.**

1. No caso de que un abonado estime que o volume de auga consumido na súa instalación non corresponda ó rexistrado polo seu contador, poderá solicitar a súa revisión ó concesionario. O abonado deberá depositar a tal efecto a fianza ou tarifa correspondente á comprobación .

2. Si se probara que o funcionamento do contador é correcto, facturarase a comprobación por importe da fianza. Se o funcionamento do contador fora incorrecto, devolverase ó abonado a cantidade depositada como fianza, resultando os gastos de comprobación a cargo do concesionario.

As tolerancias para verificación de contadores serán as que fixe, en cada caso, o Centro Nacional de Metroloxía ou organismo equivalente.

No caso de comprobación de funcionamento incorrecto, e exclusivamente para aqueles casos nos que o proponente sexa o abonado, o concesionario procederá a refacer as liquidacións por consumo de auga, corrixidas nos porcentaxes de desviación detectados, correspondentes ós tres meses anteriores ó momento da petición de verificación polo abonado.

3.- Se o abonado non estivese de acordo coa comprobación realizada polo concesionario poderá solicitar da Delegación de Industria a verificación correspondente e correrán o seu cargo tódolos gastos que orixine esta, así como os gastos de desmontaxe e montaxe do contador por persoal do concesionario, no caso de que a verificación dese como resultado que a medición do contador non é correcta.

### **CAPITULO IV**

#### ***SERVIZO DE SANEAMENTO***

#### **Artigo 30. Servizos a realizar.**

Denomínase rede de saneamento ó conxunto de colectores e rexistros, con todos os elementos de bombeo, control e accesorios, instalados en rúas, prazas, camiños e demais



vías públicas, que serven para a evacuación das augas residuais ata a canle pública ou as estacións depuradoras.

a) A execución das instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes e acometidas de saneamento.

b) A limpeza da rede xeral de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións municipais previstas e autorizadas para tal fin.

c) De forma transitoria, a limpeza, nos casos en que sexa posible cos medios mecánicos do servizo e sempre a costa do usuario, das fosas sépticas particulares, ata en tanto a rede pública de saneamento non cubra a totalidade do municipio.

d) O tratamento, cos medios e infraestruturas postos a disposición polo Concello ou, no seu caso, polas entidades públicas correspondentes, das augas residuais con anterioridade a súa vertedura ás canles públicas.

### **Artigo 31. Acometidas de saneamento.**

a) Enténdese por acometida de saneamento a tubaría de condución das augas residuais dunha instalación, edificio (establecemento) ou nave industrial, que se estende desde a arqueta de rexistro situada no borde da finca ou propiedade pública ou privada ata o pozo de saneamento ó que está conectado.

Nas instalacións onde puidera faltar o pozo de rexistro, entenderase que a acometida termina, excepcionalmente, no colector xeral.

As instalacións que non se axusten a estas normas serán obrigados a adaptarse ante calquera modificación ou reparación nas acometidas. O custo correspondente será a cargo do abonado.

A efectos das obrigacións do concesionario, este deberá realizar o seu cargo exclusivamente a limpeza da rede xeral de saneamento ó que estea conectada a acometida. Os custos de mantemento, substitución e reparación da acometida de saneamento do abonado serán a cargo do mesmo.

b). As acometidas de saneamento serán realizadas exclusivamente polo concesionario, e comprenden desde a arqueta de rexistro situada no límite da propiedade do abonado ata o seu entronque no pozo de saneamento ou no colector xeral.

Serán a cargo do abonado conforme ó orzamento presentado ó construtor, propietario ou abonado interesado, e segundo o cadro de prezos autorizado polo Concello.

c). As acometidas de saneamento que, pola súa antigüidade e mal estado, non cumpran correctamente as súas funcións e deban ser substituídas na súa totalidade, suporán a realización polo concesionario dun orzamento que será presentado ó abonado para proceder ó cambio de acometida.

Se o abonado non se fixera cargo deste presuposto, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte ós eventuais efectos de mal funcionamento da acometida de saneamento, que serán de conta exclusiva do abonado.

d). As conexións de saneamento que non dispoñan de arqueta de rexistro, terán que instalala de forma inmediata. En caso de non facelo, o concesionario quedará eximido de toda responsabilidade fronte aos eventuais efectos do mal funcionamento da acometida, de saneamento pola imposibilidade de acceder a acometida para establecer se o problema é anterior ou posterior á arqueta de rexistro e proceder aos traballos correspondentes. Os danos ocasionados serán de conta exclusiva do subscritor.

e). Independentemente da existencia ou non de rede separativa, as novas edificacións deberán contar con acometidas separadas para fecais e pluviais. Do mesmo xeito, no caso de edificios xa existentes, que sexan obxecto de obras de reconstrución, rehabilitación, consolidación ou gran reparación, deberán facer acometidas de fecais e pluviais.

### **Artigo 32. Execución de acometidas de saneamento**

1. A sección das conducións, tipo de rexistros, arquetas e demais características da acometida rexeranse, polo demais, segundo as normas municipais de aplicación e as disposicións de planificación urbanística correspondente.

2.- As obras de construción e instalación dos colectores e acometidas de saneamento axustaranse nas súas características ás condicións e prescricións técnicas establecidas nas ordenanzas municipais de edificación, e ó disposto nas Normas Subsidiarias aprobadas polo Excmo. Concello. O concesionario non poderá aplicar outros criterios, salvo que, debidamente cumprimentados, foran aprobados polo Concello.

3.- Toda acometida da rede de sumidoiros deberá dispor dunha arqueta de rexistro no límite da propiedade do abonado.

4.- A limpeza das acometidas de saneamento, será executada polo abonado; no caso de realizala o concesionario, percibirá do abonado o importe debidamente facturado por dita limpeza como contraprestación.

5. Para proceder á execución da acometida de saneamento, o propietario do inmovible ou, no seu caso, o abonado deberá depositar previamente ó comezo das obras o importe

íntegro do orzamento que, conforme ó cadro de prezos aprobado polo Concello, realizara o concesionario.

### **Artigo 33. Modificación de acometidas de saneamento por variación das condicións iniciais de solicitude.**

1. Cando con ocasión da reforma, ampliación ou reparación dun edificio ou nave industrial, se incremente o número de vivendas, establecementos ou locais, ou varíen as condicións de vertido, o propietario ou promotor estará obrigado a solicitar do concesionario as novas acometidas, en caso necesario, e a modificación das pólizas de servizo, a que se houbera dado lugar. As novas acometidas executaranse polo concesionario con cargo ó propietario ou abonado, e axustaranse ás normas e procedementos que se recollen neste regulamento.

2. No caso de que se descubriera, polos servizos técnicos do Concello ou do concesionario, a realización de obras de saneamento non comunicadas ó servizo, levantarase acta deste feito, proponendo o concesionario ó Concello a actuación que corresponda.

A execución de obras de saneamento que supoñan a utilización non autorizada dos servizos regulados neste regulamento, tanto directa como indirectamente, e a ocultación de datos das acometidas, poderá motivar a inmediata suspensión do servizo e o cargo polo concesionario ó abonado ou usuario, dun ano de utilización do servizo ás tarifas vixentes.

### **Artigo 34. Conexión á rede de sumidoiros e mantemento de fosas sépticas particulares.**

1.- A autorización para a vertedura das augas residuais será aprobada polo Concello. Está prohibida a vertedura á rede pública de saneamento das augas residuais daqueles que non sexan abonados do servizo.

2. Os abonados ó servizo de augas deberán obrigatoriamente conectarse á rede de saneamento cando as súas vivendas ou instalacións se atopen a menos de CINCOENTA METROS da rede pública, e quedarán obrigatoriamente fora de servizo todas aquelas fosas sépticas que se atopen a esa distancia da rede pública de saneamento.

Para elo, solicitarán a acometida correspondente, que se realizará a costa do abonado, salvo que se prevean formas de financiamento diferentes por parte do Concello.

3.- Os edificios fronte ós que exista rede de colectores pública, verterán a esta directamente as augas residuais a través da correspondente acometida, sen atravesar propiedades de terceiros.

4. Nos casos de existencia de fosas sépticas particulares, é responsabilidade dos propietarios, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.

### **Artigo 35. Instalación interior e bombeos particulares de augas residuais.**

1.- As instalacións interiores de desaugadoiro dun edificio que se localicen a cota inferior á rasante da rúa, deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg./cm<sup>2</sup>

2. Naqueles casos nos que os desaugadoiro dun edificio se atopen a cota inferior á do colector da rúa, o propietario ou propietarios instalarán o seu cargo a infraestrutura e equipo de bombeo necesario para efectuar a vertedura á rede pública, sendo pola súa conta a conservación e posterior mantemento da citada infraestrutura.

### **Artigo 36. Colectores en propiedades particulares.**

1. O concesionario non asume responsabilidade algunha polas filtracións, inundacións, afundimentos e, en xeral, calquera tipo de dano que se produza en propiedades particulares, como consecuencia do mal funcionamento de conducións que discorran por terreos excluídos do viario público.

2. No caso de que os servizos de sanidade do Concello ou das entidades públicas que correspondan, e por existir risco grave para a saúde pública, previo informe técnico sanitario en tal sentido, decidisen a necesidade de executar obras de saneamento en terreos non públicos, ou labores de limpeza e desatascamento en dominios privados, a corporación municipal poderá ordenar ó concesionario a execución deses traballos sendo o custo dos mesmos a cargo do Concello

### **Artigo 37. Conexións provisionais e temporais.**

1. Nos casos nos que se concedan acometidas ou tomas de auga provisionais para obras, o concesionario indicará ó construtor ou solicitante, cando fora necesario, o punto autorizado para a vertedura de augas residuais.

2. O construtor e os usuarios desa acometida provisional absteranse de verter materia algunha que, por si mesma ou en reacción co auga, poida provocar atascos ou danos na condución de saneamento, sendo responsables dos danos en que puideran incurrir.

3. A autorización de verteduras, conexións provisionais á rede de sumidoiros e utilización puntual da rede de saneamento pública será solicitada ó concesionario e aprobada polo Concello , consignándose os datos necesarios para identificación das verteduras que se pretendan.

4. O concesionario aplicará os prezos que correspondan, deducidos da tarifa de saneamento aprobada.

### **Artigo 38. Baixas no servizo de saneamento.**

As autorizacións de verteduras á rede de saneamento quedarán sen efecto nos seguintes casos:

a) A petición do usuario, de non existir finalmente ocupación da vivenda, local ou establecemento, o que suporá darse de baixa como abonado do abastecemento e, simultánea e consecuentemente, do saneamento.

b) Por decisión das autoridades, como consecuencia de resolución xudicial ou administrativa, a proposta ou non do concesionario por infracción dos artigos do presente regulamento.

## **CAPITULO V**

### ***REXIME ECONÓMICO***

#### **1.- FACTURACION, COBRO E INFORMACIÓN**

##### **Artigo 39. Facturación**

Como norma xeral, a determinación dos consumos que realice cada abonado concretarase pola diferenza entre as lecturas dos dous períodos consecutivos de facturación. O importe da facturación calcularase de acordo coa ordenanza vixente en cada momento. Por este motivo, o concesionario presentará antes do 30 de setembro de cada ano, as tarifas e o cadro de prezos que se vaian aplicar no ano seguinte, ao obxecto de aprobación, en tempo e forma, polo Concello, e poidan aplicarse a partires do 1 de xaneiro seguinte.

O concesionario poderá modificar o tipo de tarifa a aplicar ó usuario, se este usase o auga para fins distintos ós especificados no contrato.

1. Cando non sexa posible coñecer os consumos realmente realizados, como consecuencia de avaría no equipo de medida, a facturación do consumo efectuarase de acordo ó consumo realizado durante o mesmo período de tempo e na mesma época do ano anterior; de non existir referencia, liquidaranse as facturacións de acordo á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. Naqueles casos nos que non existan datos históricos para obter a media ó que se alude no parágrafo anterior, facturarase a cota mínima trimestral.

3. A obrigatoriedade do pago considerarase extensiva ós casos no que o consumo se orixinase por fuga, avaría ou defecto de construción ou conservación das instalacións interiores, por causas non imputables á empresa concesionaria.

#### **Artigo 40. Vertedura de augas de orixe distinto á rede de abastecemento municipal.**

1. Naqueles casos en que as vivendas, locais comerciais e edificios industriais utilicen auga doutras procedencias, exclusivamente ou xunto coa da rede pública de abastecemento, e vertan as súas augas residuais á rede pública de saneamento, o abonado instalará ó seu cargo os aparatos de medición adecuados que servirán de base para a facturación.

2. Non se poderán verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios e provenientes de mananciais ou filtracións do terreo. No caso de que fora autorizada dita vertedura por non haber outra posibilidade, o responsable da mesma virá obrigado a abonar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados no bombeo e depuración polo caudal vertido.

#### **Artigo 41. Precintado de contadores.**

1. É obrigatorio o precinto de Industria en todos os aparatos de medida, en canto que as súas lecturas serven de base para a liquidación das facturacións por consumo de auga. Este precinto oficial garante:

a) Que o contador pertence a un sistema aprobado

b) Que o seu funcionamento no momento da instalación é correcto.

c) Que o seu mecanismo non sufriu modificación externa que puidera alterar o seu bo funcionamento.

2. O abonado nunca poderá manipular o aparato de medida, nin o seu precinto oficial, nin o precintado dos seus racores efectuado polo concesionario. A súa conexión e precintado de racores será realizado sempre polo persoal do servizo.

3. No caso de que o abonado non tivese instalado o contador, ou este non rexistrase correctamente o consumo correspondente, daráselle un prazo de 72 horas para solicitar e aboar o subministro e instalación do aparato de medida; finalizado ese prazo sen haber subsanado a deficiencia procederase ó corte do subministro.

4. A facturación do servizo de abastecemento e saneamento dunha vivenda ou local farase nun só recibo, a nome do abonado de abastecemento e polo mesmo período de facturación para ambos servizos e co mesmo tipo de tarifa.

5. Nos casos de comunidade de propietarios con contador xeral colectivo, a facturación do servizo de saneamento farase no mesmo recibo de abastecemento e con cargo á comunidade.

#### **Artigo 42. Aboamento dos recibos.**

1. O abonado poderá facer efectivo os importes facturados polo concesionario preferentemente polo sistema de domiciliación bancaria, con oficina aberta no termo municipal ou, no seu defecto, nas oficinas do concesionario en días hábiles e en horario de oficina.

2. No caso de devolución de recibos polas entidades bancarias, por causas imputables ó abonado, será por conta do mesmo a totalidade dos gastos que se produzan por motivo de dita devolución, incluída a liquidación de intereses de demora correspondentes.

Dúas devolucions consecutivas darán lugar á anulación da domiciliación bancaria.

3. Pasado o período voluntario e con dous ou máis recibos pendentes de pago, isto será causa de iniciación do expediente de suspensión de subministro, sen prexuízo que o importe impagado quede incluído no procedemento de prema.

4. Para os casos de morosidade no aboamento dos recibos, o Concello autorizará a xestión do corte de subministro. Correrán a cargo do abonado os gastos de dita xestión (elaboración de comunicados, certificado de correos, etc.) se se realizase o pago antes de efectuarse o corte, así como os de reposición de subministro, no caso de que o corte se levase a cabo.

5. No caso de rotura de precintos por parte do abonado, este feito será notificado mediante o expediente correspondente ó Concello, e o infractor será penalizado cunha sanción igual ó importe do subministro correspondente a 12 meses polo mínimo de consumo e importe da cota de servizo na tarifa contratada.

#### **Artigo 43. Información ó abonado sobre a facturación.**

O abonado poderá obter do concesionario calquera información relacionada coas lecturas, facturacións, comprobacións de contador, cobros, tarifas aplicadas e, en xeral sobre toda cuestión relacionada co subministro que se xerara nun período de dous anos anteriores á data de presentación da petición correspondente.

O concesionario disporá dunha oficina de información ó público dentro do casco urbano, a efectos de información e reclamacións.

#### **Artigo 44. Devolución de ingresos indebidos.**

1. O abonado terá dereito a reclamar a devolución de ingresos indebidos do concesionario. A devolución das cantidades percibidas indebidamente deberá ser inmediata, unha vez que se comprobe o erro de facturación, de medida, ou calquera outra causa que provocara o erro.

2. Cando o abonado presente unha reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresará de forma clara e concisa os conceptos polos que reclama e os fundamentos de reclamación, e se acompañarán á mesma os xustificantes dos ingresos supostamente indebidos e calquera outra documentación que ó caso corresponda.

3. O concesionario queda obrigado a resolver a reclamación á maior brevidade.

4. Non será atendida ningunha reclamación sobre consumo de auga que non sexa formulada polo abonado ou persoa que lle represente legalmente.

#### **Artigo 45. Baixa no servizo.**

Cando o abonado desexe causar baixa no subministro, virá obrigado a aboar tódolos recibos pendentes e o importe total da facturación do trimestre en que cause baixa.

## **2.- INSPECCIÓN E SANCIÓN**

#### **Artigo 46. Acta de inspección.**

1. A actuación dos inspectores acreditados polo concesionario reflectirase nun documento que adoptará unha forma de acta, e na que quedarán reflectidos o nome e domicilio do abonado inspeccionado, día e hora da mesma, e os feitos contrastados.

Unha copia desta acta, asinada polo inspector, entregaráselle ó abonado.

2. Os inspectores ó efecto deberán invitar ó abonado, ó persoal dependente do mesmo, familiar ou calquera outra persoa que poida actuar de testemuña a que presencie a inspección e asine a acta, podendo o abonado facer constar, coa súa sinatura, as manifestacións que estime pertinentes. A negativa a facelo non afectará a tramitación e conclusións que se establezan posteriormente. O abonado poderá dirixirse, posteriormente, aínda que dentro das corenta e oito horas seguintes, coas alegacións que estime oportunas, á oficina do servizo ou ó Concello. Non se tomarán en consideración



as manifestacións que non veñan asinadas polo abonado titular ou quen acredite a súa representación.

#### **Artigo 47. Liquidación do fraude.**

1. O concesionario, en posesión da acta, formulará a liquidación do fraude, distinguíndose, a efectos da devolución e as responsabilidades do fraude, os seguintes casos:

- a) Que non exista contrato algún para o subministro de auga.
- b) Que por calquera procedemento, se manipulara ou alterara o rexistro do contador ou aparato de medida.
- c) Que se realizaran derivacións de caudal, permanente ou circunstancial, antes dos equipos de medida.
- d) Que se utilice a auga para usos distintos dos contratos, afectando á facturación dos consumos segundo a tarifa a aplicar.

2. O concesionario practicará a correspondente liquidación, segundo os casos, da seguinte forma:

**Caso a.** Formularase unha liquidación por fraude, que incluírá un consumo equivalente á capacidade nominal do contador que regulamentariamente houbera correspondido ás instalacións utilizadas para a acción fraudulenta, cun tempo de oito horas diarias de utilización e durante o prazo de tres meses.

**Caso b.** Se se falseasen as indicacións do contador ou aparato de medida instalado, por calquera procedemento ou dispositivo que produza un funcionamento anormal do mesmo, tomarase como base para a liquidación da contía do fraude a capacidade de medida do caudal nominal do contador, computándose o tempo a considerar en oito horas diarias e durante un período de tres meses, descontándose os consumos que durante este período de tempo foran abonados polo autor do fraude.

**Caso c.** Se o fraude se efectuou derivando o caudal antes do aparato do contador, liquidarase como no caso primeiro, e sen facer desconto pola auga medida polo contador.

**Caso d.** Neste caso, a liquidación da contía da auga utilizada en forma indebida practicarase a favor do concesionario, aplicando ó consumo a diferenza existente entre a

tarifa correspondente ó uso real que se está dando á auga, e as que, en dito período, se aplicaron en base ó uso contratado. Dita liquidación farase por un período dun ano.

3. En todos os casos, o importe do fraude deducido estará suxeito ós impostos que lle foran repercutibles.

4. As liquidacións que formule o concesionario serán notificadas á Administración municipal, e contra as mesmas o abonado poderá formular as reclamacións que considere oportunas, no prazo de quince días a contar desde a notificación de dita liquidación, sen prexuízo das demais accións en que se consideren asistidos.

#### **Artigo 48.-**

Toda actuación, comportamento ou conduta que incumpra a normativa deste regulamento, dará lugar á imposición de sancións ós infractores, conforme ó previsto neste regulamento e na normativa sectorial aplicable, sen prexuízo e con independencia da esixencia de danos e prexuízos, e das responsabilidades de orde penal que procederan.

#### **Disposicións finais**

1. Para o non previsto neste regulamento, estarase ó establecido nas leis e disposicións regulamentarias de carácter xeral ditadas sobre a materia.

2. Derróganse cantas disposicións anteriores se opoñan ó preceptuado neste regulamento.

#### **2/ Aprobar o regulamento de verteduras á rede de saneamento do Concello:**

### **REGULAMENTO DE VERTEDURAS Á REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE BOQUEIXÒN**

#### **TITULO I: DISPOSICIÓN XERAIS**

#### **CAPITULO I.—DEFINICIÓN E CONCEPTOS**

##### **Artigo 1º.- Obxecto e finalidade**

1.- O presente regulamento establece as condicións ás que deberá axustarse o uso da rede municipal de saneamento ou de sumidoiros públicos e das súas instalacións complementarias, colectores e estacións depuradoras de augas residuais (EDAR'S) do Concello, fixando as prescricións ás que deben someterse as verteduras de augas a esa rede, tanto residuais como pluviais.

Igualmente regula as facultades de control e inspección sobre as verteduras ás redes de sumidoiros propias de dito servizo, por parte do Concello, de forma estable e permanente, que se prestará ben directamente ou a través de empresa allea.

Quedan, por conseguinte, sometidas aos seus preceptos todas as verteduras de augas residuais e pluviais, directos e indirectos tanto de natureza doméstica como industrial, que efectúen os usuarios actuais e futuros, ás conducións de saneamento e colectores que se integren ou vertan na rede pública do Concello, desde edificios, industrias ou explotacións.

2.- Son finalidades deste regulamento:

1. Regular o uso e control dos sistemas públicos de saneamento para garantir o seu correcto funcionamento, así como o réxime de autorizacións municipais á que deben someterse os diferentes usuarios.
2. Preservar aos bens ambientais das augas residuais que reciban, mediante a utilización de tratamentos axeitados para mellorar os obxectivos de calidade asignados a cada un destes medios e eliminar daquelas os efectos prexudiciais, insalubres ou nocivos e previr os sistemas de depuración de augas residuais da entrada de substancias prohibidas ou non tratables, con concentracións contaminantes superiores á capacidade de tratamento e aquelas que teñan un efecto prexudicial para estes sistemas.
3. Protexer a seguridade e salubridade pública e das instalacións da rede de sumidoiros.
4. Establecer un réxime sancionador axeitado para o caso de incumprimento deste regulamento, sen prexuízo das disposicións da lexislación sectorial específica en función do ben obxecto de protección.

## **Artigo 2º.- Definicións**

Aos efectos desde regulamento, entenderase por:

- Por VERTEDURAS RESIDUAIS: toda materia residual sólida, líquida ou gasosa, incluídas as augas de refrixeración, resultante dunha actividade manufactureira ou industrial, ou de desenrolo, recuperación ou procesamento de recursos naturais.
- Por ACTIVIDADE INDUSTRIAL: calquera establecemento ou instalación que efectúe verteduras industriais ás instalacións de sumidoiros e saneamento.
- Por AUGAS RESIDUAIS: as augas utilizadas que, procedentes de vivendas e instalacións comerciais, industrias, sanitarias, comunitarias ou públicas, son admitidas nas instalacións públicas de sumidoiros e saneamento.
- Por AUGAS RESIDUAIS DOMÉSTICAS: as que están formadas polos restos líquidos procedentes da preparación, cocción e manipulación de alimentos, así como excrementos humanos ou materias semellantes vertidas a través das instalacións

sanitarias das vivendas, ou calquera outra instalación mencionada no parágrafo anterior.

- Por AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS: as procedentes das instalacións xa mencionadas e que son debidas ós procesos propios da actividade do establecemento, comportando presenza de restos, como consecuencia dos mesmos, e, en xeral, diferentes dos mencionados no parágrafo anterior.
- Por AUGAS INDUSTRIAIS NON CONTAMINADAS: as procedentes das instalacións xa mencionadas, que foron utilizadas unicamente para refrixeración de máquinas ou que foron depuradas e cumpran en ámbolos casos co presente regulamento.
- Por AUGAS PLUVIAIS: as producidas simultaneamente ou inmediatamente a continuación de calquera forma de precipitación natural e como resultado da mesma.
- Por REDE DE SUMIDOIROS: o conxunto de condutos e instalacións que, no subsolo do municipio, serven para a evacuación de augas residuais e pluviais.
- Por SUMIDOIRO PUBLICO: todo conxunto subterráneo construído ou aceptado polo Concello para servizo xeral dos seus territorios ou parte dos mesmos, dos que a súa limpeza e conservación pertencenlle ó Concello ou, por adxudicación do mesmo, á empresa adxudicataria.
- Por ACOMETIDA: aquel conduto subterráneo, colocado transversalmente á vía pública, que serva para conducir as augas residuais ou pluviais dende un edificio a un sumidoiro público.
- Por EMBORNAL: toda instalación composta de boca e dispositivo de caída e condución ata a rede de sumidoiros, destinado a recoller e conducir á rede de sumidoiros públicos as augas superficiais de escorrentas dunha vía pública.
- Por INFORME DE VERTEDURA: o informe obrigatorio que deberá emitilo Servizo, en tódalas solicitudes de conexión á rede de sumidoiros.
- Por PERMISO DE VERTEDURA: a autorización expedida pola Administración para poder efectual a cometida particular ó sumidoiro público.
- Por ESTACION DEPURADORA: aquela instalación na que se someten as augas residuais a un tratamento de depuración física, biolóxica ou química, tal que permita a súa posterior reutilización para diversos fins ou a súa reincorporación ó medio natural.
- Por VERTEDURAS PERIGOSAS: toda vertedura non fortuíta, voluntaria ou involuntaria, que pola súa negligencia ou mala fe poida ocasionar unha emerxencia real ou potencial a persoas, instalacións ou ó propio leito receptor.
- Por VERTEDURAS PERMITIDAS: calquera vertedura tolerable ou inofensiva que teña concedida a correspondente autorización de vertedura.
- Por VERTEDURAS PROHIBIDAS: aquelas verteduras que pola súa natureza e perigosidade son totalmente inadmisibles nas instalacións de sumidoiros e depuración, ou aquelas que excedan dos parámetros establecidos no artigo 7º deste regulamento.
- Por USUARIO: aquela persoa física ou xurídica que solicite e á que se lle conceda a perceptiva licenza municipal para as verteduras de augas residuais á rede de

sumidoiros.

- Por **USUARIOS DOMÉSTICOS**: aqueles que verten augas residuais domésticas.
- Por **USUARIOS NON DOMÉSTICOS**: aqueles que verten augas residuais non domésticas.
- Por **REDES UNITARIAS**: aquelas que constan dunha soa canalización pola que en tempo seco circulan augas residuais urbanas e en tempo de choiva asume tamén a función de drenar as augas pluviais, provocándose unha mestura de ambos tipos de augas.
- Por **REDES SEPARATIVAS**: aquelas que constan de dúas canalizacións independentes; unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial ou industrial ata a estación depuradora, e a outra conduce as augas pluviais ata o medio receptor, ou ata un posible sistema de tratamento previo á súa vertedura.

### **Artigo 3º.- Utilización do Sistema Público de Saneamento**

1. O Concello e o responsable da administración e explotación dos servizos á que se refire este regulamento.
2. Para a conexión dun novo usuario ao sistema público de saneamento é necesario que a rede local de sumidoiros se atope en servizo e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas neste regulamento.
3. As verteduras de augas residuais non domésticas no sistema de saneamento ou nos sistemas de depuración, serán obxecto do tratamento previo necesario.
4. A Administración desenvolverá accións para a paulatina substitución de redes unitarias por redes separativas sempre que sexa posible, garantindo a calidade da auga pluvial na vertedura ao medio receptor ou na súa reutilización, ben mediante a aplicación de técnicas de drenaxe urbana sustentable en orixe ou ben estruturais.
5. Nos casos en que resulte imposible a separación das redes aplicaranse as técnicas de drenaxe urbana sustentable en orixe para minimizar a entrada da auga pluvial nos sistemas de saneamento, así como as técnicas de drenaxe urbana sustentable estruturais para garantir a xestión eficaz do volume de auga resultante tanto na rede como na estación depuradora de augas residuais (EDAR), así como para garantir a calidade do efluente vertido ao medio receptor.
6. Tanto nos supostos de redes separativas como unitarias deberase garantir a compatibilidade das verteduras ao medio receptor coa lexislación vixente, de xeito que se asegure a capacidade do medio para recibir estes efluentes, tanto desde o punto de vista cualitativo coma cuantitativo. As verteduras ao medio realizaranse a través das estacións depuradoras, desaugadoiros ou outros elementos que formen parte da rede, os cales deberán estar perfectamente identificados.

#### **Artigo 4º.- Requisitos da conexión ao sistema**

Sen prexuízo do establecido no presente regulamento, a construción de calquera elemento da rede de sumidoiros, acometidas, embornais, etc., axustarase ó disposto polo regulamento do servizo de sumidoiros e pola normativa urbanística do Concello así como ás normas tecnolóxicas da edificación (NTE-ISS).

A entidade xestora do sistema de saneamento debe establecer os requisitos e as características das conexións ao sistema, respectando o seguinte contido mínimo:

- a. Planos da rede de desaugadoiros do interior do edificio en planta e alzado, a escala adecuada, detallando expresamente os sifóns xerais e a ventilación aérea.
- b. Descrición das disposicións e dimensións adecuadas para un correcto desaugamento, especificando o material, o diámetro e a pendente lonxitudinal.
- c. Instalación dun sifón xeral ou sistema semellante en cada edificio para evitar o paso de gases. Entre a acometida da condución e o sifón xeral do edificio dispórase dunha tubaxe de ventilación, sen sifón nin peche.
- d. Toda instalación que verta augas residuais non domésticas deberá localizar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta de rexistro, se é posible fóra do recinto fabril, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.
- e. Na dita arqueta deberá dispoñerse, cando o permiso de vertedura así o estableza, dun elemento de medida cun rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal do efluente vertido. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como medida do caudal vertido sempre que o sistema de medida de auga consumida permita obter caudais instantáneos.
- f. Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa tecnicamente e economicamente viable, o número de puntos de conexión a colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable, de acordo coas instrucións técnicas para obras hidráulicas.
- g. Os usuarios domésticos, públicos ou privados, tamén velarán polo cumprimento do contido do punto anterior, coas excepcións igualmente antes establecidas, debidamente xustificadas e motivadas.
- h. As obras de conexión ao sistema público de saneamento estarán suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable.
- i. Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema, así como os da súa conservación e mantemento, serán por conta da persoa usuaria, que é a responsable do seu mantemento, salvo que as ordenanzas municipais establezan un mandato distinto.
- j. Os criterios, metodoloxía, materiais, tipo de acometida e a súa execución deberán contar previamente coa autorización da entidade xestora da instalación receptora da vertedura.

k. As ordenanzas e regulamentos municipais relativos ao servizo de saneamento deberán establecer, ademais do resto de condicións aplicables, a distancia máxima entre o produtor da vertedura e a rede de sumidoiros a partir da cal resulta obrigatoria a recepción do servizo por parte daquel. Subsidiariamente, establécese unha distancia de cincuenta metros.

l. As persoas usuarias que non queden suxeitas á obriga prevista na liña anterior deberán dispoñer dun sistema propio de tratamento das augas residuais e, de ser o caso, da correspondente autorización de vertedura outorgada polo organismo de bacía competente en razón do territorio.

## **TITULO II: DESCARGA DE VERTEDEURAS LÍQUIDAS RESIDUAIS**

### **CAPITULO I.- DAS AUTORIZACIÓNS DE VERTEDEURAS RESIDUAIS**

#### **Artigo 5º. Condicións previas para a conexión**

1. Todos os edificios, tanto de vivendas como industrias, locais comerciais, etc., que poidan ser autorizados para efectuar verteduras á rede xeral de sumidoiros, deberán cumprir las disposicións e normativa do presente regulamento.

2. Todas as instalacións, tanto existentes como futuras, deberán conectar á rede de sumidoiros a través da correspondente acometida, co permiso de vertedura do Concello e previo informe emitido polo servizo.

3. Non se permitirán verteduras a ceo aberto, nin a sumidoiros alleos ó servizo, ni a eliminación de augas residuais por inxección ó subsolo.

4. Só xustificadamente poderán autorizarse verteduras a canles públicas ou outros sistemas de eliminación dos mesmos, debendo axustarse en tal caso ó establecido na lei de augas e normativa que resulte de aplicación.

5. Para a conexión dun novo usuario ao sistema público de saneamento é necesario que a rede local de sumidoiros se atope en servizo e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas neste regulamento.

6. De conformidade co Real Decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real Decreto Lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, as verteduras de augas residuais non domésticas nos sistemas de saneamento ou nos sistemas de depuración serán obxecto do tratamento previo que sexa necesario para garantir que as verteduras das instalacións de tratamento non teñan efectos nocivos sobre o ambiente e non impidan que as augas receptoras cumpran os obxectivos de calidade da normativa vixente.

## **Artigo 6º.- Solicitud do permiso de vertedura**

1. Os usuarios precisarán, para obtelo permiso de vertedura á rede de sumidoiros por parte do Concello un informe previo de vertido, que será emitido polo servizo técnico do Concello.

O servizo técnico do Concello estudará a documentación achegada polos usuarios non domésticos, para a concesión do permiso de vertedura, realizará unha visita ás instalacións e as análises que estime oportunas da composición da vertedura para comprobar que cumpre as condición impostas neste regulamento, con cargo ao peticionario e dará a súa aprobación ou denegación.

2. As instalacións responsables de calquera descarga de augas residuais non domésticas á rede de sumidoiros, deberán presentar, nas oficinas do Concello, a documentación á que se fai referencia no Anexo nº 1 deste regulamento, para a obtención do correspondente informe de vertedura.

3. Antes da conexión a rede de sumidoiros, e en todas e cada unha das conexións que posúa, deberá dispor unha arqueta de rexistro, se é posible fora do recinto da empresa, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento ós servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.

En dita arqueta deberá dispoñerse, cando o permiso de vertedura así o estableza, un elemento de aforo con un rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal vertido.

Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ó sistema, así como os da súa conservación e mantemento serán de conta do usuario.

4. O servizo estudará a documentación aportada polos solicitantes non domésticos, para a emisión do informe de vertedura, ós efectos de comprobación da futura vertedura, así como do cumprimento das condicións establecidas neste regulamento, informe que remitirá conxuntamente coa demais documentación ó Concello, ós efectos de concesión ou denegación do permiso de vertedura solicitado.

5. A persoa titular do permiso de vertedura debe cumprir as obrigas seguintes:

a) Comunicar de xeito inmediato ao servizo calquera avaría do proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento que poida afectar negativamente á calidade da vertedura ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na devandita calidade.

b) Comunicar ao servizo calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativa ou cuantitativas da vertedura, para os efectos de proceder, se é o caso á revisión deste.

6. Os usuarios que poidan efectuar verteduras prohibidas á rede de sumidoiros, deberán efectualo pre tratamento necesario das súas augas residuais para adecualas ás esixencias do presente regulamento. Ditas instalacións deberán ser construídas e explotadas polo propio usuario, totalmente ó seu cargo.



As instalacións de pre tratamento ás que se refire o parágrafo anterior, poderán ser realizadas por un solo usuario ou unha agrupación deles, sempre que esta última estea legalmente constituída.

7. O Concello, naqueles casos que se coide procedente, en función dos datos de que se dispoña, e/ou do informe de vertedura, poderán esixir a adopción de medidas especiais de seguridade a fin de evitar accidentes que puidesen supoñer unha vertedura incontrolada á rede xeral, de produtos almacenados de carácter perigoso.

8. As instalacións que poidan efectuar verteduras prohibidas, existentes no momento de entrada en vigor do presente regulamento, e que vertan augas residuais á rede de sumidoiros, quedarán afectadas pola súa normativa, debendo adaptarse, en caso necesario, ás esixencias que se establecen no mesmo.

9. Os usuarios da rede de sumidoiros e instalacións complementarias, deberán satisfacer as taxas de sumidoiros. O importe das mesmas será fixado nas correspondentes ordenanzas municipais.

10. O permiso de vertedura poderá incluír os seguintes extremos:

a) Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura, tanto en concentracións máximas instantáneas como en concentracións medias máximas.

b) Os límites cuantitativos do volume da vertedura, indicando o caudal medio diario, o volume máximo diario e o máximo caudal instantáneo e a súa duración.

c) A obriga de instalar, no prazo máximo de seis meses desde a notificación da resolución, unha arqueta coas características que se definan no permiso, facilmente accesible e identificable, que permita as tarefas de inspección e control recollidas na resolución do permiso de vertedura.

d) O prazo de vixencia do permiso de vertedura que, con carácter xeral, terá unha duración máxima de oito anos, agás por razóns xustificadas debidamente motivadas. No suposto de tratarse dunha actividade sometida á autorización ambiental integrada, a vixencia do permiso coincidirá con esta autorización.

e) Condicións complementarias que aseguren o cumprimento deste regulamento.

11. Asemade, o permiso de vertedura referido no apartado anterior, poderá incluír tamén, os seguintes extremos:

a) Esixencias referentes ao mantemento, informes técnicos e rexistros en relación coas verteduras.

b) Programas de cumprimento, en relación coas posibilidades do servizo.

c) Condicións complementarias que aseguren o cumprimento deste regulamento.

## CAPITULO II.- VERTEDEURAS PROHIBIDAS E LIMITADAS

### Artigo 7º.- Verteduras prohibidas

1. Con carácter xeral queda totalmente prohibido verter directa ou indirectamente á rede de sumidoiros calquera dos seguintes produtos:

a. Mesturas explosivas: Entenderase como tales, aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores que por razón da súa natureza ou cantidade sexan ou poidan ser suficientes por si mesmos, ou en presenza doutras sustancias, de provocar ignicións ou explosións. En ningún momento, medicións sucesivas efectuadas con un explosímetro no punto de descarga da vertedura á rede xeral, deberán indicar valores superiores ó 5% do límite inferior de explosividade, así como unha medida realizada de forma illada non deberá superar nun 10% ó citado límite.

Prohíbense expresamente: os gases procedentes de motores de explosión, gasolina, queroseno, nafta, benceno, tolueno, xileno, éteres, tricloroetileno, aldehidos, cetonas, peróxidos, cloratos, percloratos, bromuros, carburos, hidruros, nitruros, sulfuros, disolventes orgánicos inmiscibles en auga, e aceites volátiles.

b. Residuos sólidos ou viscosos: Entenderanse como tales aqueles residuos que provoquen ou poidan provocar obstrucións co fluxo da rede xeral, ou que poidan interferir no transporte das augas residuais. Inclúense os seguintes: graxas, tripas, tecidos animais, esterco, osos, pelos, peles, carnazas, entrañas, sangue, plumas, cinzas, escoiras, areas, cal apagada, residuos de formigóns, aleitadas de cemento, aglomerantes hidráulicos, fragmentos de pedras, mármore, metais, vidro, palla, virutas, recortes de céspede, trapos, lúpulos, sobrantes de papel, madeiras, plásticos, alquitrán, así como residuos e produtos alquitrados procedentes de operacións de refino, e destilación, residuos asfálticos e de procesos de combustión, aceites lubricantes usados (minerais ou sintéticos), incluíndo auga-aceite, emulsións, axentes espumantes, e, en xeral, todos aqueles sólidos de calquera procedencia con tamaño ou peso que poida producir obstrución na rede xeral.

c. Materiais colorantes: Entenderanse por materiais colorantes aqueles sólidos, líquidos ou gases tales como: tintas, vernices, lacas, pinturas, pigmentos, e demais produtos afíns, que incorporados ás augas residuais coloreas de tal xeito que non poden eliminarse con ningún dos procesos de tratamento usuais empregados na estación depuradora.

d. Residuos corrosivos: Entenderanse por tales aqueles sólidos, líquidos, gases ou vapores que provoquen corrosións na rede xeral, tanto nos equipos como nas instalacións, e que sexan capaces de reducir, considerablemente, a vida útil destas, ou de producir avarías. Inclúense entre outros os seguintes: ácidos clorhídrico, nítrico, sulfúrico, carbónico, fórmico, acético, láctico, butílico,

lixivias de sosa ou potasa, hidróxido amónico, carbonato sódico, augas de moi alta salinidade, e gases como sulfuro de hidróxeno, cloro, fluoruro de hidróxeno, dióxido de carbono, dióxido de xofre, e, en xeral, todas aquelas sustancias que reaccionando coa auga dean lugar a solucións corrosivas como sulfatos, cloruros, etc.

e. Residuos que produzan gases nocivos: Entenderanse como tales os residuos que produzan gases nocivos na atmósfera da rede de sumidoiros, colectores, e/ou emisarios, en concentracións superiores ós límites seguintes:

Dióxido de carbono: 15.000 ppm.

Dióxido de xofre: 5 ppm.

Monóxido de carbono: 25 ppm.

Cloro: 1 ppm.

Ácido sulfhídrico: 10 ppm.

Ácido cianhídrico: 4,5 ppm

f. Restos radioactivos ou isótopos de vida media: Aquelas concentracións tales que poidan provocar danos nas instalacións e/ou perigo para o persoal de mantemento das mesmas, según o disposto no Anexo II do presente regulamento.

g. Sustancias non admitidas: En xeral, son aquelas sustancias que poidan perturbar a boa marcha das instalacións da rede de saneamento e a depuración de augas residuais, inhibindo ou dificultando o proceso de depuración.

Pódense resumir como tales aquelas comprendidas nas seguintes disposicións:

- Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos y solos contaminados.
- Real Decreto 833/88, de 20 de xullo, que aproba o Regulamento para a execución da lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos .
- Real Decreto 952/1997, de 20 de xuño polo que se modifica o regulamento para a execución da lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos , aprobada mediante Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo.
- Orde MAM 304/2002, de 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a Lista Europea de Residuos.
- Decreto 154/1998, de 28 de maio, polo que se publica o Catálogo de residuos de Galicia. Calquera outra disposición aplicable á materia.

2. Ademais está prohibido:

a. A dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao

sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente. Nestes supostos deberase realizar a comunicación inmediata destas circunstancias á entidade xestora, a cal deberá adoptar as medidas que en cada caso foren pertinentes.

- b. A vertedura de augas pluviais ao sistema cando se poida adoptar unha solución técnica alternativa.
- c. A vertedura de augas brancas ao sistema.
- d. O permiso de vertedura poderá establecer valores máis restritivos que os previstos neste regulamento e, así mesmo, poderá establecer limitacións de caudal respecto de parámetros específicos, todo iso en función da capacidade do sistema.

### Artigo 8º.- Verteduras limitadas

1. Queda prohibido verter directa ou indirectamente ás instalacións de sumidoiros e saneamento, verteduras coas características ou con concentracións de contaminantes iguais ou superiores en todo momento ós expresados na seguinte relación:

Parámetro	Valor	Unidades
pH	5,5 - 9	Unidades de pH
1,2 Dicloroetano	0,40	mg/l
Aceites e graxas	100	mg/l
Aldehidos	2,0	mg/l
Aluminio	10	mg/l
Amoníaco	30	mg/l
AOX (1)	2,00	mg/l
Arsénico	1,00	mg/l
Bario	10,0	mg/l
Boro	3,0	mg/l
BTEX (2)	5,0	mg/l
Cadmio	0,10	mg/l
Chumbo	1,0	mg/l
Cianhídrico	10,0	cc/m <sup>3</sup> de ar
Cianuros	0,50	mg/l
Cianuros disoltos	1,0	mg/l
Cloro	1,0	cc/m <sup>3</sup> de ar
Cloruros	2.000	mg/l
Cobre	3,0	mg/l
Conductividade eléctrica (25° C)	5.000	µS/cm
Cor	Inapreciable en dilución 1/30	
Cromo hexavalente	0,5	mg/l
Cromo total	2,0	mg/l

DBO <sub>5</sub>	500	mg/l
DQO	1.000	mg/l
Dióxido de xofre	15,0	mg/l
Estaño	3,0	mg/l
Fenóis totais	1,0	mg/l
Ferro	10,0	mg/l
Fluoruros	10,0	mg/l

Parámetro	Valor	Unidades
Fosfatos	60,0	mg/l
Fósforo total	40,0	mg/l
Hidrocarburos	15,0	mg/l
Hidrocarburos aromáticos policíclicos	0,20	mg/l
Manganeso	5,0	mg/l
Materias inhibidoras	20,0	equitox
Mercurio	0,01	mg/l
Níquel	2,0	mg/l
Nitratos	50,0	mg/l
Nitróxeno amoniacal	30,0	mg/l
Nitróxeno total Kjeldahl	40,0	mg/l
Nonilfenol	1,0	mg/l
Percloroetileno	0,40	mg/l
Pesticidas	0,10	mg/l
Praguicidas totais	0,10	mg/l
Selenio	0,50	mg/l
Sólidos en suspensión	500	mg/l
Sulfatos	400	mg/l
Sulfhídrico	20,0	cc/m <sup>3</sup> de ar
Sulfuros disoltos	0,30	mg/l
Sulfuros totais	1,00	mg/l
Temperatura	30,0	°C
Tensioactivos aniónicos <sup>(3)</sup>	6,0	mg/l LSS
Triacinas totais	0,30	mg/l
Tributilestaño	0,10	mg/l
Triclorobenceno	0,20	mg/l

Zinc	2,0	mg/l
------	-----	------

2. As relacións establecidas serán revisadas periodicamente e non se considerarán exhaustivas se non simplemente enumerativas.

3. Quedan sometidas as prescricións desde regulamento, na medida que corresponda, todas aquelas sustancias, produtos ou verteduras relacionadas nos dous preceptos precedentes e aquelas susceptibles de producir toxicidade, nocividade ou prexuízos as persoas ou ao medio ambiente e independentemente de que consten ou non nestes preceptos que non posúen carácter limitativo . As relacións establecidas nos dous artigos precedentes serán revisadas periodicamente.

Nos casos en que a vertedura por si só, ou conxuntamente con outras verteduras autorizadas con anterioridade, supere no seu caudal/horario punta, de 15 minutos, o 5% do caudal medio horario da EDAR, realizarse un estudio específico con valores límite dos elementos detallados que poderán ser mais estritos que os especificados con anterioridade.

4. Sen prexuízo das sancións e responsabilidades a que houberse lugar, calquera vertedura ó sumidoiro público que posúa algunha das características e que poidan causar efectos perniciosos nos procesos de depuración e nas obras de fábrica dos sumidoiros e instalacións anexas, perigo para o persoal ó Servizo da rede, ou algunha molestia pública, dará lugar a que a Administración municipal poida adoptar algunha das seguintes medidas:

- a) Prohibir totalmente a vertedura cando se trate de materias non corrixibles a través do oportuno tratamento, podendo, como medida cautelar, chegar a decretalo peche da actividade mentres as circunstancias relativas ó vertido non fosen corrixidas.
- b) Esixir un tratamento previo que permita concentracións comprendidas dentro dos límites tolerados.
- c) Impoñer a vixilancia e sistemática comprobación das cantidades e proporcións do vertido.
- d) Esixir o pago anticipado de danos e custos adicionais que esixan a protección das obras de fábrica e instalacións e do persoal.

5. Por parte do Concello, e previo informe da inspección, poderá esixirse ás industrias que presenten un nivel significativo de verteduras, a instalación, o seu cargo, dun aparato de toma de mostras automático, que permita efectuar análises durante todo o ano. A tal efecto poden considerarse significativos aquelas verteduras

que en tres mostras no prazo de un mes ou en seis mostras no prazo de seis meses deran valores superiores ós establecidos polo regulamento.

A resolución ordenando a instalación do aparato medidor indicará as características técnicas que deberá reunir o mesmo, así como o prazo máximo no que o usuario deberá proceder á súa instalación, que non poderá exceder de un mes dende a recepción da notificación.

6 Mensualmente, no seu caso, as empresas con depuradoras de pre tratamento presentarán no Concello copia dos albarás de entrega de lodos e demais sustancias que requiran unha tratamento separado ós xestores autorizados. Cando non se xeren residuos e/o lamas, informarase igualmente ó órgano de control, indicando que a cantidade entregada foi cero.

7. Todas as industrias, calquera que sexa a súa actividade, que estean autorizadas para verter, e incluso aquelas que realicen pretratamento, deberán colocar unha reixa de desbaste de 50 mm., antes da vertedura ó sumidoiro.

8. Os caudais punta vertidos á rede non poderán exceder do quíntuplo (5 veces) nun intervalo de 15 minutos ou de dúas veces e media (2'5) nunha hora o valor promedio día.

Deberá controlarse, especialmente o caudal e calidade do efluente. No caso de limpeza de tanques, peche vacacional con baleirado dos mesmos ou circunstancias análogas.

9. Queda terminantemente prohibido, salvo os casos previstos no Capítulo III (situación de emerxencia ou perigo), o emprego de auga de dilución nas verteduras.

10. Cando exista rede de augas pluviais non poderán verterse ós sumidoiros de augas residuais, augas industriais non contaminadas, ben sexan de refrixeración ou calquera outras sen autorización especial. A vertedura das augas industriais non contaminadas á rede de augas pluviais deberá posuír a autorización correspondente.

11. No suposto de que os efluentes non cumpran coas condicións e limitacións que se establecen no presente Capítulo, o usuario queda obrigado á construción, explotación e mantemento ó seu cargo de todas aquelas instalacións de pretratamento, homoxeneización ou tratamento que sexan necesarios.

12. Queda prohibido a vertedura á rede de sumidoiros, tanto por parte das

industrias farmacéuticas, como dos centros sanitarios, daqueles fármacos caducos que poidan producir graves alteracións na estación depuradora, aínda en pequenas concentracións, como por exemplo os antibióticos.

13. Calquera vertedura á rede de sumidoiros que non cumpra coas limitacións ou prohibicións que se especifican na presente normativa, dará lugar a adopción das medidas e sancións que se establecen no Título V deste regulamento.

### **CAPITULO III.—SITUACIONES DE EMERXENCIA**

#### **Artigo 9º.- Definición de emerxencia**

1. Entenderase que existe unha situación de emerxencia ou perigo cando, debido a un accidente nas instalacións do usuario, se produza, ou exista risco inminente de producirse, un vertido inusual á rede de sumidoiros, que poida ser potencialmente perigoso para a seguridade física das persoas, instalacións, estacións depuradoras ou ben a propia rede.

2. Cada persoa usuaria deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de verteduras que poidan ser potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.

#### **Artigo 10º.- Comunicacions situacións de emerxencia**

1. Ante unha situación de emerxencia ou perigo, o usuario deberá comunicar, urxentemente ó Concello, a Augas de Galicia así como ao número de emerxencias 112, a situación producida, co obxecto de evitar ou reducir ó mínimo os danos que puidesen ocasionarse.

O usuario deberá tamén, e á maior brevidade, usar de todas aquelas medidas de que dispoña, a fin de conseguir que os produtos vertidos se efectúen na mínima cantidade posible, ou reducir ó máximo a súa perigosidade.

2. Nun prazo máximo de corenta e oito horas o interesado deberá remitir ó Concello, un informe detallado do sucedido. Deberá figurar nel, como mínimo, os seguintes datos: nome e identificación da empresa; situación da mesma; caudal; materias vertidas; causa do accidente; hora na que se produciu; correccións efectuadas “in situ” polo usuario; hora e forma en que se comunicou a incidencia ó Servizo, e en xeral, todos aqueles datos que permitan a dito Servizo unha correcta interpretación do imprevisto e unha adecuada valoración das consecuencias.



3. O Concello facilitará ós usuarios un modelo das instrucións a seguir nunha situación de emerxencia ou perigo.

En dito modelo figurarán, en primeiro lugar, os números telefónicos ós que o usuario poderá comunicar a emerxencia, sendo o primeiro deles o da estación depuradora, receptora do efluente anómalo ou perigoso. No suposto de non poder comunicar con dita estación, poderá efectualo ós seguintes e polo orde en que estean colocados.

### **Artigo 11º.- Adopción de medidas en situacións de emerxencia**

1. Establecida a pertinente comunicación do usuario, este deberá indicar o tipo de produtos e cantidade dos mesmos que se verteron á rede.

Nas instrucións incluíranse polo propio usuario as medidas a tomar por parte del mesmo para contrarrestar ou reducir ó mínimo os efectos nocivos que puidesen producirse. Nestas instrucións particulares de cada usuario, preveranse os accidentes máis perigosos que puidesen producirse, en función das características dos seus propios procesos industriais.

2. As instrucións redactaranse de forma que sexan facilmente comprensibles por persoal pouco cualificado, e situaranse en tódolos puntos estratéxicos do local e, especialmente, nos lugares nos que os operarios deban actuar para levar a cabo as medidas correctoras.

3. A necesidade de dispoñer das instrucións de emerxencia por un usuario determinado fixaranse na autorización de conexión á rede de sumidoiros, ou por resolución posterior. Na mesma autorización ou resolución establecerase así mesmo o texto das instrucións e os lugares mínimos nos que deban colocarse sendo ámbolos aspectos obxecto de comprobación e inspección en calquera momento por parte dos servizos técnicos do Concello ou do adxudicatario do servizo de saneamento.

4. Os custos das operacións a que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser aboados pola persoa usuaria causante, con independencia doutras responsabilidades en que puiden incurrir. Para a valoración dos danos terase en conta o establecido no artigo 13 deste regulamento.

5. Cando as situacións de emerxencia a que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias, ademais das normas establecidas no presente regulamento, serán de

aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

### **TITULO III: MEDIDAS E DETERMINACION DAS VERTEDEURAS**

#### **Artigo 12º.- Medida das verteduras**

1. Para o caso de que sexa esixible un tratamento previo das verteduras, ou ben un control de cantidades, o proxecto das instalacións necesarias para elo deberá ser aprobado pola Administración municipal ó outorgalo permiso de vertedura correspondente, previo informe favorable do servizo técnico.

2. Na tramitación de expediente de cualificación de actividades sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, para as que sexa necesario efectuar verteduras á rede de sumidoiros, notificarase na fase de exposición pública ao servizo, a efectos de emisión do informe ó respecto.

3. Os aparatos de rexistro, medida, control e toma de mostras esixidos, deberán situarse en lugar accesible e seguro, sinalado previamente nos planos do proxecto.

A vista do informe do servizo, o órgano correspondente do Concello acordará cales de aquelas actividades actuais deberán dispoñer das citadas instalacións, así como o prazo para a súa instalación.

4. Os establecementos industriais, potencialmente contaminantes, deberán instalar e poñer a disposición do servizo, ós efectos de determinación da carga contaminadora, as seguintes instalacións:

a .- Punto de toma de mostras:

1. Cada industria colocará na zona de descarga das súas verteduras residuais, un pozo de mostras, de fácil acceso, libre de calquera interferencia e localizable augas abaixo antes da descarga e, a ser posible, fora da propiedade; deberá remitir á administración planos de situación dos pozos e aparatos complementarios para a súa identificación e censo.

2. A mostra tomarase da arqueta de rexistro se existir, logo de comprobación das coordenadas UTM ou, no seu defecto, no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.

b .- Aforo de caudais:

1. Cada pozo de rexistro deberá conter un vertedoiro aforador, “tipo Parshall,” ou semellante, cun rexistro totalizador para a determinación exacta do caudal residual.

2. Se os volumes de auga consumida e os volumes de auga de vertido, fosen aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga por contador poderá ser utilizada como aforo de caudal residual. Igualmente, se a procedencia da

auga de captación é dun pozo ou doutras fontes, poderá habilitarse unha fórmula indirecta de medida de caudais residuais.

c .- Mostras:

1. A técnica na toma de mostras variará segundo a determinación a realizar. Para concentracións máximas que non poidan ser superadas en ningún momento a medida será instantánea e efectuada a calquera hora do día. Para concentracións medianamente representativas de valores de cargas residuais contaminadoras, as medidas serán horarias, integradas proporcionalmente ó caudal e tomadas durante o período de verteduras.

2. Os requirimentos mínimos para calcular a contía representativas das verteduras serán concretadas pola Administración de acordo coa industria interesada e poderán revisarse cando se estime oportuno.

3. Aquelas industrias que pola súa dimensión e/ou contaminación sexan significativas resulten significativas por súas augas residuais e/ou volumes de vertedura, necesitarán un aparato de toma de mostras automático, proporcional ó caudal e con análise durante todo o ano.

Dito equipo de toma de mostras automático, programable, disporá de bomba para aspiración e se instalará en caseta destinada a tal fin, con cerradura, e só accesible ó servizo ou órgano de control.

d .- Pretratamentos:

1. En caso de existir pretratamentos individuais ou colectivos, legalmente autorizados, e que particular ou colectivamente realicen tratamentos das verteduras residuais, deberanse instalar á saída dos efluentes depurados, un pozo de mostras coas mesmas condicións e requisitos que os mencionados no apartado a) deste artigo.

2. A construción, instalación e mantemento das instalacións e tratamentos, correrán a cargo do propietario e poderán ser revisados periodicamente pola propia Administración municipal, polo servizo de saneamento.

3. A Administración municipal poderá aprobar tipos normalizados para os casos máis frecuentes de homoxeneización, neutralización, almacenamento de líquidos e verteduras absolutamente prohibidas , para separadores de graxas e aceites e para decantadores de sólidos . Poderá, no entanto, o interesado propoñer outro sistema distinto que deberá, en todo caso, ser obxecto de aprobación municipal.

4. Sen prexuízo do cumprimento en todo caso do disposto neste regulamento en relación coas características e tratamento particular das verteduras, o Concello poderá proceder á instalación de estacións para o servizo de depuración e tratamento xeral de aqueles pola que tal prestación poderá dar lugar a imposición das correspondentes exaccións.

### **Artigo 13º: Valoración de danos**

1. Os danos e prexuízos que puidesen derivarse dunha vertedura prohibida, definido no artigo 7, serán imputados totalmente ó causante do mesmo.
2. Os custos das operacións as que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser aboados pola persoa usuaria causante, con independencia doutras en que poidan incurrir.
3. A valoración dos danos ás obras hidráulicas para os efectos da aplicación do réxime sancionador a que se refire o presente capítulo será realizada pola entidade xestora e determinarase en función dos gastos de explotación e, de ser o caso, de reposición daquelas.
4. Os danos ás obras hidráulicas que conforman o sistema de saneamento e depuración calcularanse en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotación das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura de que se trate.
5. A entidade xestora determinará, de acordo cos orzamentos aprobados para o efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura de que se trate.
6. A valoración de danos que servirá de base para a cualificación da infracción, para a cuantificación da sanción e, de ser o caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o punto segundo multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular
7. Para os efectos do disposto no punto anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período en que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedase afectada pola vertedura irregular, mesmo se este for de carácter illado. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular se mantivo durante, cando menos, un día.
8. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto/a infractor/a simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.
9. Cando a situación se emerxencia a que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias, ademais das normas establecidas no presente regulamento, serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias

## **TITULO IV: INSPECCIÓN E VIXIANCIA**

### **Artigo 14º: *Función inspectora***

1. Corresponde a inspección técnica do Concello a adopción dun sistema estable e permanente de inspección e control das verteduras, directamente ou a través de empresa allea, que se produzan á rede de sumidoiros con independencia das inspeccións que realice no ámbito das súas funcións o concesionario do servizo (adxudicatario da xestión do servizo de sumidoiros) de acordo co contrato suscrito.

### **Artigo 15º: Dereitos do persoal inspector**

1. O titular da instalación que produza verteduras industriais, potencialmente contaminantes, estará obrigado diante do persoal facultativo, debidamente acreditado, a:

a ) Facilitarlles aos Inspectores, sen necesidade de comunicación previa, o acceso a aquelas partes da instalación que coide necesarias para o cumprimento da súa misión.

b ) Facilitar a montaxe dun equipo ou dos instrumentos que se precisen, para realizalas medidas determinantes, ensaios, e comprobacións necesarias.

c ) Permitirlles ós Inspectores, a utilización dos instrumentos que a empresa utilice con fins de autocontrol, en especial aqueles para o aforamento de caudais e toma de mostras, para realizar as análises e comprobacións.

d ) Facilitarlle á Inspección cantos datos precise para o exercicio e cumprimento das súas funcións.

2. Co fin de poder realizalo seu cometido, en orde á conservación, medida, toma de mostras, exame de vertidos, e cumprimento do establecido neste regulamento, a Inspección Técnica do Servizo de Saneamento terá libre acceso ós locais nos que se produzan verteduras ós sumidoiros.

3. A propia Inspección poderá tamén penetrar naquelas propiedades privadas sobre as que o Concello manteña algunha servidume de paso de augas, a fin de levar a cabo os servizos de inspección, observación, medición, toma de mostras, reparación, limpeza e mantemento de calquera parte da instalación dos sumidoiros que estea situada dentro dos límites de dita servidume.

Os propietarios de ditas fincas manterán sempre expedita a entrada ós puntos de acceso á rede de sumidoiros.

### **Artigo 16º: Deberes do persoal inspector**

O persoal inspector está obrigado, durante o desenvolvemento das súas funcións, a:

a) Identificarse como tal e acreditar a súa condición de persoal inspector. En tódolos actos de inspección os encargados da mesma, deberán ir provistos e exhibilo documento que os acredite para a práctica de ditos actos.

b) Observar o respecto e a consideración debidos ás persoas interesadas.

c) Informa as persoas interesadas, cando así sexan requiridas, dos seus dereitos e

deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como das normas que deben cumprir os titulares das verteduras.

- d) Obter toda a información necesaria respecto dos feitos obxecto de inspección e dos seus responsables, accedendo, se é necesario, a os rexistros públicos existentes.
- e) Gardar sixilo profesional e segredo respecto dos asuntos que coñeza por razón do seu cargo e actividade pública.
- f) Comunicar as anomalías detectadas á persoa titular das instalacións.

#### **Artigo 17º: *Inicio da inspección***

- 1. Poden ser obxecto de inspección as actividades ou instalacións cuxas verteduras poidan afectar o sistema de saneamento e depuración de augas residuais.
- 2. A actuación inspectora iníciase:
- 3. Previamente ó outorgamento dunha autorización, licenza ou permiso.
  - a) As estipuladas na autorización, licenza ou permiso, coa periodicidade establecida na mesma.
  - b) Por iniciativa del concello ou por orde superior.
  - c) Acordadas de oficio durante o funcionamento dunha actividade.
  - d) En virtude de denuncia.

#### **Artigo 18º: *Desenvolvemento da actividade inspectora***

- 1. Cando o persoal inspector se presente no lugar onde radiquen as instalacións que se van inspeccionar, porá en coñecemento da persoa titular o obxecto das actuacións, logo de identificación mediante exhibición do documento que o acredite para o exercicio das súas funcións, no cal constarán o órgano da entidade xestora ao cal está adscrito, o seu nome, apelidos, o número do documento nacional de identidade e unha fotografía.
- 2. As actuacións inspectoras realizaranse en presenza da persoa titular das instalacións. No caso de persoas xurídicas, considerarase o seu representante quen legalmente teña a dita condición.
- 3. No caso de ausencia da persoa titular ou representante, as actuacións entenderanse con calquera persoa presente nas instalacións, facendo constar na acta ou informe a súa vinculación con elas.
- 4. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así

se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

5. A persoa interesada está obrigada a permitir o acceso do persoal inspector ás instalacións e a toma de mostras e medicións, e a subministrar a información que se lle requira en relación cos feitos obxecto da inspección.

6. No caso de obstaculización das actividades inspectoras, o persoal inspector farao constar así. Poderá proceder entón á toma de mostras de augas residuais desde o exterior do recinto das instalacións, sempre que sexa posible.

### **Artigo 19º: Documentación das actuacións inspectoras**

1. As actuacións inspectoras documentaranse nunha acta, na que tanto o persoal inspector como a persoa interesada poderán facer constar as observacións que consideren oportunas na cal constarán como mínimo os datos:

- a) Data e número de inspección.
- b) Identificación da entidade xestora do sistema e do persoal actuario.
- c) Identificación e localización do suxeito pasivo da inspección, da actividade e dos sistemas de tratamento de que dispoña, referencia da súa inscrición no censo de verteduras, no caso de que exista, e o seu correspondente permiso de vertedura.
- d) Descrición e localización do punto de toma de mostras, coas súas coordenadas UTM, e do sistema ao cal se realiza a vertedura, incluíndo, se procede, o nome da EDAR.
- e) Caudal da vertedura (medido ou estimado), tipo de mostra (puntual ou integrada), e parámetros que cómpre analizar.
- f) Resultado das medicións "in situ". Comprobación dos elementos de medición.
- g) Residuos xerados que puideren ser susceptibles de ser verteduras á rede de sumidoiros e xestión dos mesmos.
- h) Advertencia de que os resultados analíticos obtidos da mostra tomada poderán utilizarse para a incoación, se procede, dun expediente sancionador
- i) E as observacións adicionais que se estimaren oportunas.

2. No caso de que a persoa comparecente se negue a asinar a acta ou a recibir a mostra contraditoria, o persoal inspector farao constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia á persoa interesada, deixando igualmente constancia de se esta se negou a recibila.

3. Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio, cos efectos previstos no artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4. No caso de que o levantamento ou o asinamento da acta se produzan sen a presenza da persoa titular ou do representante do establecemento produtor da vertedura, notificaráselle o documento para os efectos de que poidan presentar cantas alegacións e probas consideren convenientes no prazo de dez días.

5. Notificarase ó titular da instalación para que persoalmente, ou mediante persoa delegada, presencie a inspección e firme a acta que se levante.

6. Do resultado da inspección levantarase acta por triplicado, na cal constarán como mínimo os datos indicados no artigo 19.1 do presente regulamento, que asinarán o inspector e quen represente á propiedade nese acto, entregándolle un exemplar a dita persoa, e outro ao Concello, e na que tanto o persoal inspector como a persoa interesado poderán facer constar as observacións que consideren oportunas. Deberá, en todo caso, conter:

- a) O resumo do historial das verteduras dende a última inspección, consignando o xuízo do inspector sobre se a empresa mantén baixo un control eficaz a descarga das súas verteduras.
- b) As tomas e tipos de mostras realizadas.
- c) As modificacións introducidas e as medidas adoptadas pola industria para corrixir as eventuais deficiencias sinaladas pola inspección en visitas anteriores, cunha valoración da eficacia das mesmas.
- d) As posibles novas anomalías detectadas na inspección, e cantas observacións adicionais se estimen oportunas.

7. En caso de que a empresa estea desconforme cos ditames, apreciacións e xuízos formulados pola inspección, poderá presentalas oportunas alegacións diante da Administración, a fin de que esta, previo informe do Servizo, dite a resolución que estime procedente.

8. O Concello poderán requirir ós titulares das actividades, na periodicidade que se considere oportuna o informe no que se sinala a definición da carga contaminante que vertan e incluírán os caudais de verteduras, a concentración de contaminantes, a duración e demais elementos necesarios para a súa definición.

9. Os parámetros analíticos serán os especificados na comprobación de verteduras líquidas ou, no seu defecto, na autorización da vertedura, pero en todo caso deberán ser cando menos os seguintes: pH, condutividade, sólidos en suspensión, DQO, DBO<sub>5</sub>,



deterxentes e aceites e graxas.

10. Con este informe analítico e coa mesma periodicidade, o titular da vertedura remitirá ó Concello copia dos albarás de entrega dos residuos (residuos do desbaste, desareado/desengraxa e lodos) xerados pola súa Planta Depuradora á empresa ou xestor autorizado.

11. Cando o usuario ou agrupación de usuarios deba construír unha planta de tratamento para poder satisfacer os límites fixados á vertedura de augas á rede de sumidoiros, procederase a unha inspección previa á concesión da autorización definitiva de verteduras.

### **Artigo 20º: Toma de mostras**

A toma de mostras de augas residuais levarase a cabo de acordo co seguinte procedemento:

1. Punto de toma de mostras: A mostra tomarase da arqueta de rexistro se existir, logo de comprobación das coordenadas UTM ou, no seu defecto, no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución.

2. Preparación da mostra: Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras en cadanseus recipientes de material adecuado ás determinacións analíticas que se prevexa realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.

3. As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse. Dúas quedarán en poder do persoal inspector, a primeira para efectuar as determinacións analíticas e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofreceráselle á persoa interesada, para os efectos de que poida proceder, se o considera oportuno, á práctica da análise contraditoria. No caso de que a persoa interesada se negue a recibir esta terceira mostra ou non poida facerse cargo dela, comunicaráselle o lugar en que queda á súa disposición.

4. A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos que se seguirán para a determinación de cada uno dos parámetros estarán baseados en normas UNE-EN, EN, UNE ou en mitoloxía aceptada internacionalmente no *Standard Methods for the examination of water and wastewater*.

5. O volume mínimo para realizar a mostraxe será de dous litros para cada unha das tres mostras referenciadas no punto tres deste artigo, agás que xustificadamente se poida utilizar un volume menor. Este volume subdividirase en sendos recipientes dun litro, un de vidro e outro de plástico, en función dos parámetros que se van analizar.

6. Poderá prescindirse da toma de mostras para determinar as súas características contaminantes cando se trate de verteduras de natureza

inequívocamente doméstica e o persoal inspector así o faga constar expresamente na acta.

7. En tódolos casos, ben sexa para a concesión do permiso de vertedura ou por accións de inspección ou comprobación, ditas análises realizaranse con cargo ó responsable da vertedura.

### **Artigo 21º: Práctica das análises**

1. Para a práctica da análise inicial e da contraditoria deberá entregarse ao laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada, no prazo máximo de 72 horas desde a toma de mostras, para os efectos de iniciar o procedemento de análise no dito prazo.

2. As determinacións analíticas da mostra inicial e da contraditoria levaranse a cabo en laboratorios que dispoñan de acreditación que garanta o cumprimento da norma UNE-EN-ISO 17025. Tamén se poderán levar a cabo no laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

3. O laboratorio a que se encargue a práctica da análise inicial deberá entregar os resultados á entidade xestora no prazo de trinta días naturais desde a recepción da mostra, e a entidade xestora procederá a comunicalos á persoa interesada. A comunicación á persoa interesada deberá realizarse no prazo de dez días desde a recepción dos resultados pola entidade xestora.

4. A folla de resultados analíticos, tanto na análise inicial como na contraditoria, expresará en todo caso a data de recepción da mostra, de inicio e de fin da análise, así como os métodos analíticos empregados. De ser o caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ao laboratorio.

5. Pola súa parte, a persoa interesada poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria. Nese caso, comunicaralle á entidade xestora os resultados da dita análise, se o considera procedente.

6. A práctica da análise dirimente, por solicitude de calquera das partes, levarase a cabo no laboratorio que designe a entidade xestora entre os indicados na alínea 2. A mencionada entidade comunicaralle á persoa interesada con antelación suficiente o lugar, a data e a hora onde se levará a cabo, para os efectos de que poida estar presente nas operacións, asistida, se o xulga oportuno, de persoal técnico.

7. En ningún caso se tomará en consideración a petición de análises dirimentes logo de transcorridos dous meses desde a data da toma de mostras, ou cando non se realizase análise contraditoria

8. Os gastos xerados pola práctica da análise contraditoria corresponden sempre á persoa interesada. Os gastos da análise dirimente corresponden á parte que a solicite.

## **TITULO VI:**

### **INFRACCIÓNS, SANCIONES E MEDIDAS CORRECTORAS**

#### **Artigo 22º: Infraccións administrativas**

1. Consideraranse infraccións administrativas, en relación co presente Regulamento, aquelas accións ou omisións contrarias ó establecido no mesmo.
2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves, conforme se determina no artigo seguinte.

#### **Artigo 23º: Réxime de infraccións**

1. Infraccións leves: Consideraranse infraccións leves:
  - a) A obstaculización puntual á función inspectora do servizo municipal de saneamento ou da concesionaria.
  - b) Omitir información ós servizos de saneamento sobre as características da descarga da vertedura ou sobre os cambios que afecten á natureza dos mesmos.
  - c) A posta en funcionamento de aparatos ou instalacións non autorizadas, ou distintas ás establecidas na licenza que se conceda, así como o desprecintado ou anulación dos que fosen colocados polo servizo de saneamento do Concello.
  - d) Calquera incumprimento do disposto neste regulamento non incluído expresamente neste artigo.
  - e) Non aboar o Concello as taxas das análises e probas para comprobar as características das verteduras, en todos os casos, ben sexa para a concesión da licenza de conexión ou por accións de inspección ou comprobación.
2. Infraccións graves: Consideraranse infraccións graves:

- a) A reincidencia nalgunha das faltas leves.
- b) A construción, modificación e uso de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou de instalacións anexas á mesma, aínda que uns e outros fosen de propiedade particular, sen obtela previa licenza municipal de conexión ós sumidoiros, ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás disposicións deste Regulamento, así como sen permiso de vertedura, no caso preciso.
- c) O uso da rede de sumidoiros, empalmes, conexións ou instalacións anexas sen previa licenza municipal de conexión á rede de sumidoiros ou sen axustarse ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás disposicións deste regulamento, así como sen permiso de vertedura, no caso preciso.
- d) Os danos á rede de sumidoiros, aos seus empalmes, obras ou instalacións anexas de toda clase, xa sexan causados maliciosamente ou por negligencia.
- e) A falta de comunicación da situación de emerxencia e/ou a infracción de calquera das prescricións orixinadas como consecuencia de declararse dita situación e recollidas neste Regulamento.
- f) A omisión ou demora na renuencia na instalación dos tratamentos depuradores esixidos polos servizos municipais, así como a falla das instalacións, funcionamento e mantemento de todos os seus equipos, en especial os dispositivos fixos de aforamento de caudais, toma de mostras e aparellos de medición aos que se fai referencia neste Regulamento.
- g) Realizar verteduras afectadas por limitacións sen respectar estas.

### 3. Infraccións moi graves: Consideraranse infraccións moi graves:

- a) A reincidencia nalgunha das faltas graves.
- b) Realizar vertidos prohibidos segundo o establecido nos artigos desta Disposición.
- c) A produción de danos moi graves á rede de sumidoiros, ás súas acometidas, ou instalacións de toda clase, xa sexan causados maliciosamente ou por negligencia.

### ***Artigo 24º.- Sancións***

As infraccións serán sancionadas da forma seguinte:

- a. As leves, con multas de ata 10.000 €.
- b. As graves, con multas de ata 30.000 €.

- c. As moi graves, con multas de ata 50.000 €.

Estas multas, consonte co anteriormente establecido, imponse, en defecto de normativa sectorial específica e sen mingua nin prexuízo das sancións superiores autorizadas legalmente pola Autoridade competente que puidera proceder e mesmo sen detrimento de esixir, cando proceda, as correspondentes indemnizacións por danos e perdas así como a reparación do dano e das responsabilidades civís, penais, administrativas ou de outro tipo a que deran lugar.

Para graduar a contía da sanción terase en conta a natureza da infracción, a gravidade do dano producido, a intencionalidade, a reincidencia e demais circunstancias concorrentes.

### **Artigo 25º.- Potestade sancionadora**

1. O exercicio da potestade sancionadora correspóndelle a Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, agás que consonte á normativa sectorial correspondente se atribúa a outro órgano.

2. De conformidade co previsto nos artigos 72 e 136 da lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, o órgano competente para resolver, poderá adoptar, de oficio ou a instancia de parte, en calquera momento, mediante acordo motivado, as medidas de carácter provisional que estime oportunas para asegurala eficacia da resolución que puidera recaer, se existiran elementos de xuízo suficientes para elo.

3. Antes da iniciación do procedemento administrativo, o órgano competente, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia e para a protección provisional dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas correspondentes nos supostos previstos expresamente por unha norma. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos quince días seguintes a súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, esas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no devandito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca das mesmas.

4. Nos procedementos sancionadores que se instrúan por mor de feitos inicialmente cualificados como infraccións graves ou moi graves poderanse

adoptar, de acordo coa Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, e as súas normas de desenvolvemento, e sen prexuízo das que puideran establecer as normas das Comunidades Autónomas, as medidas de carácter provisional previstas en ditas normas que se estimen necesarias para asegurar a eficacia da resolución que definitivamente se dite, ao bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as esixencias dos intereses xerais.

5. As medidas de carácter provisional poderán consistir na suspensión provisional da execución das obras e instalacións que contraveñan o disposto neste regulamento así coma impedir, tamén de forma provisional, o uso indebido das instalacións municipais, por razóns de sanidade, hixiene ou seguridade e as demais previstas neste regulamento. Estas medidas deberán axustar se a intensidade, proporcionalidade e necesidades dos obxectivos que se pretenda garantir en cada suposto concreto. En todo caso, ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento en dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca das mesmas.

As medidas provisionais poderán ser alzadas ou modificadas durante a tramitación do procedemento, de oficio ou a instancia de parte, en virtude de circunstancias sobrevidas ou que non puideron ser tidas en conta no intre da súa adopción. En todo caso, se extinguirán coa eficacia da resolución administrativa que poña fin ao procedemento correspondente.

6. O Concello poderá suspender provisionalmente a execución das obras e instalacións que contraveñan o disposto neste regulamento, así como impedir, tamén provisionalmente, o uso indebido das instalacións municipais.

7. Esta medida deberá adoptarse mediante requirimento individual e por escrito o cal, para mantela súa eficacia, deberá ser ratificado dentro dos cinco días hábiles seguintes, polo Alcalde ou a autoridade en quen tivese delegado.

8. Contra a referida suspensión provisional, e contra a ratificación da mesma, no caso de que fose adoptada pola Autoridade delegada, poderase interpoñer recurso de alzada diante do Alcalde, independentemente de calquera outro que fose procedente.

9. No caso de vulneración das disposicións do presente regulamento, e con independencia da imposición das sancións procedentes, o Concello, coa finalidade de suprimir os efectos da infracción, e restaurala situación de legalidade, poderá adoptar algunha das seguintes disposicións:

a) A suspensión dos traballos de execución das obras de acometida ou de instalación de pretratamento indebidamente realizadas.

b) Requiritir ó infractor para que no termo que ó efecto se sinale, introduza nas obras e instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás

condicións do permiso de vertedura ou ás disposicións deste regulamento e/ou, no seu caso, proceder á reposición das obras e instalacións indebidamente efectuadas ó seu estado anterior á produción dos danos que se tivesen ocasionado.

- c) A imposición ó usuario das medidas técnicas necesarias que garantiren o cumprimento das limitacións consignadas no permiso de vertedura, evitando o efluente anómalo.
- d) A introdución de medidas correctoras concretas nas instalacións con tal de evitalo incumprimento das prescricións deste regulamento e a redacción, no seu caso, do proxecto correspondente, dentro do prazo que fixe a Administración.
- e) A clausura ou precinto das instalacións no caso de que sexa posible técnica ou economicamente, evitala infracción mediante as oportunas medidas correctoras.
- f) A caducidade do permiso de vertedura á rede de sumidoiros, no caso de contumacia no incumprimento das condicións que lle fosen impostas.
- g) A reposición dos danos e prexuízos ocasionados ás instalacións, obras anexas ou calquera outro ben que resultase danado ou prexudicado.

## **DISPOSICIONS TRANSITORIAS**

### **Primeira**

As instalacións xa existentes no momento da entrada en vigor do presente regulamento deberán adoptar as medidas necesarias para o seu cumprimento na forma e termos que a continuación se indican:

1. Nos doce meses naturais seguintes á entrada en vigor, tódolos establecementos industriais deberán remitir ó Servizo de Saneamento a documentación que se lle indique, para adecuarse ás condicións deste regulamento.
2. No termo dun ano natural, contado dende a entrada en vigor, tódolos usuarios deberán de ter construída a arqueta de rexistro e/ou de medida e control esixidos na presente normativa.
3. Nos seis meses seguintes á aprobación deste regulamento, a calidade dos efluentes industriais deberá adaptarse ás condicións e límites establecidos no mesmo. En canto se inicie o período anteriormente mencionado, as verteduras deberán cumprir as prescricións fixadas pola vixente lexislación que fose de aplicación.

### **Segunda**

1. Transcorridos os prazos mencionados, a Administración ou o Servizo, adoptará as medidas necesarias para a comprobación de datos e da existencia de arquetas, sendo motivo de sanción a inexactitude nas primeiras ou a falta nas segundas.

2. No suposto de que se superen os valores admitidos, a Administración ou o Servizo informará ó usuario das medidas correctoras a establecer e o tempo de que dispón para facelo. Transcorrido este, adoptaranse as medidas ou imponse as sancións que se contemplan neste regulamento.

Terceira.

1. As arquetas de rexistro ás que se refire o presente regulamento, executaranse no prazo dun ano, e serán postas ó día coa frecuencia que o Concello estableza a proposta do Servizo de Saneamento.

## **DISPOSICION FINAL**

O presente Regulamento resultou aprobado polo Pleno do Concello \_\_\_\_\_ en sesión celebrada o \_\_\_\_\_, entrando en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia; permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

## **ANEXO I**

### **DOCUMENTACION NECESARIA PARA OBTENIR O PERMISO DE VERTEDURA AS INSTALACIONES MUNICIPALES DE SANEAMIENTO**

As instalacións industriais e comerciais, para obter o permiso de vertedura, deberán aportar, segundo proceda, a seguinte documentación:

1. Solicitud:

Nome e NIF da persoa titular, enderezo social, enderezo do establecemento, acceso ao punto de vertedura, teléfono, distrito postal, localidade; características da actividade produtiva, caudais de vertedura en m<sup>3</sup>/ano e m<sup>3</sup>/día, caudal punta en m<sup>3</sup>/hora, e identificación da EDAR do sistema ao cal se pretende verter.

2. Proxecto técnico:

+ Antecedentes:

\*Obxecto: obtención do permiso de vertedura ou a súa revisión.

\*Características da localización: e localización da actividade.

\*Punto de conexión ao sistema de coordenadas UTM.

+ Memoria descriptiva:

\* Datos de produción: actividade desenvolvida, materias primas utilizadas e



produtos resultantes expresados en tm/año.

- \* Procesos industriais
- \* Balance de augas: fontes de abastecemento, título concesional, volume abastecido e a súa distribución no proceso industrial, volume de vertedura.
- \* Características do efluente: análise de cada punto de vertedura.

+ Memoria técnica das instalacións de tratamento:

- \* Sistemas e unidades de tratamento: descrición do sistema de tratamento existente con cálculos hidráulicos de dimensionamento (volumes, tempos de retención); descrición detallada de equipamentos instalados, potencias de bombeo, materiais de construción, medidas de seguridade para evitar verteduras accidentais, instrumentos de control propostos, proposta de seguimento e control da calidade de efluente, produción e destino de residuos.
- \* Dispositivos de seguridade adoptados para prever accidentes nos elementos de almacenamento de materias primas ou produtos elaborados líquidos susceptibles de seren vertidos á rede de sumidoiros.
- \* Planos de situación. planos de rede interior de recollida e instalacións de pretratamento. planos de detalle das obras de conexión, dos pozos de mostras e dos dispositivos de seguridade, detallando expresamente os sifóns xerais a e a ventilación aérea.
- \* Descrición das disposicións e dimensións axeitadas para un correcto desaugue, especificando o material, diámetro e pendente lonxitudinal.

## **ANEXO II**

### **DISPOSICIÓN SOBRE ACTIVIDADES QUE SUPOÑAN PRODUCCIÓN DE RESIDUOS RADIOACTIVOS**

1. As actividades de calquera tipo que supoñan produción de residuos radioactivos, para conservalos, dispoñerán de dispositivos protectores das radiacións que comprenderán tódalas esixencias establecidas pola normativa de rango superior, tanto autónoma como nacional ou internacional. A súa evacuación realizarase cando se teña diminuído convenientemente a súa “intensidade de actividade radioactiva”, mediante os sistemas de evacuación de residuos radioactivos que resulten de obrigada instalación.
2. O Concello terá coñecemento, ben a petición propia ou por informe do Servizo de Saneamento, de tódalas actividades relacionadas coa evacuación de augas residuais, a fin de poder adoptar cantas medidas sexan precisas para garantir a salubridade dos Servizos de saneamento das augas residuais e da propia rede de sumidoiros.
3. Cando o residuo radioactivo teña unha concentración de intensidade da actividade radioactiva superior ós límites sinalados polo Real Decreto 2519/82, de

12 de agosto, polo que se aproba o Regulamento sobre protección sanitaria contra radiacións ionizantes e a súa modificación aprobada polo Real Decreto 1753/87, non estará permitida a dilución para conseguir os niveis de concentración que permitan a súa liberación ó medio ambiente, senón que haberá de evacuarse polo procedemento legalmente establecido.

### ANEXO III

#### LISTA DE SUSTANCIAS E MATERIAS TÓXICAS E PERIGOSAS

1.Acenafteno. 2 Acrilonitrilo. 3.—Acroleína (Acrolín) 4.—Aldrina (Aldrín) 5.—Antimonio e compostos 6.—Asbestos 7.—benceno 8.—bencidina 9.—berilio e compostos 10.—Carbono, tetracloruro 11.—Clordán (Chlordane) 12.—Crوروبenceno 13.—Cloroetano 14.—Clorofenoles 15.—Cloroformo 16.—Cloronaftaleno 17.—Cobalto e compostos 18.—Dibenzofuranos policlorados 19.—Diclorodifeniltricloroetano e metabolitos (DDT) 20.—Diclorobencenos 21.—Diclorobencidina 22.—Dicloroetilenos 23.—2.4-Diclorofenol 24.—Dicloropropano 25.—Dicloropropeno 26.—Dieldrina (Dieldrín) 27.—2.4-Dimetilfenoles ou Xilenoles 28.—Dinitrotolueno 29.—Endosulfán e metabolitos 30.—Endrina (Endrín) e metabolitos 31.—Eteres haloxenados 32.—Etilbenceno 33.—Fluoranteno 34.—Ftalatos de eteres 35.—Halometanos 36.—Heptacloro e metabolitos 37.—Hexaclorobenceno (HCb) 38.—Hexaclorobutadieno (HCbD) 39.—Hexaclorocicloexano (HTb, HCCH, HCH, HbT) 40.—Hexaclorociclopentadieno 41.—Hidrazobenceno (Diphenylhydrazine) 42.—Hidrocarburos aromáticos polinucleares (pAH) 43.—Isoforona (Isophorone) 44.—Molibdeno e compostos 45.—Naftaleno 46.—Nitrobenceno 47.—Nitrosaminas 48.—pentaclorofenol (pCp) 49.—policlorado, bifenilos (pCb's) 50.—policlorado, trifenilos (pCT's) 51.—2,3,7,8-Tetraclorodibenzo-p-dioxina (TCDD) 52.—Tetracloroetileno 53.—Talio e compostos 54.—Teluro e compostos 55.—Titanio e compostos 56.—Totueno 57.—Toxafeno 58.—Tricloroetileno 59.—Uranio e compostos 60.—Vanadio e compostos 61.—Vinilo, cloruro de 62.—As sustancias químicas de laboratorio e compostos farmacéuticos ou veterinarios novos, identificables ou non, e dos que os seus efectos poidan supoñer risco para o medio ambiente ou a saúde humana.

O anterior listado non debe considerarse exhaustivo, podendo ser revisado e ampliado de acordo coas circunstancias do desenvolvemento do saneamento.

Contra o acordo que poña fin á vía administrativa e contra a disposición xeral aprobada definitivamente pode interpoñerse directamente, por quen se considere lexitimado, o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses

contados dende o día seguinte ó da publicación do texto íntegro da disposición impugnada, consonte ó establecido nos artigos 10.1.5) e 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xuño reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime procedente conforme a dereito, significándolle que o artigo 107.3 da Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e procedemento anterior, non admite a interposición de recursos en vía administrativa contra as disposicións administrativas de carácter xeral.

**3/** Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello durante o prazo de 30 días

### **3.Levantamento reparo de Intervención**

Con data 2 de abril de 2014, a empresa “eLABORO, ingeniería del software SL”, presenta un contrato de prestación de servizos para a instalación do sistema CITY4 cun importe de 3.630,00 €( IVE incluído), según presuposto remitido á alcaldía na mesma data.

O contrato inclúe, así mesmo, o importe anual de mantemento cuxo importe ascende a 450 €/ano, ao que se debe sumar o importe de IVE e a actualización do IPC correspondente.

Posteriormente a Secretaria - Interventora emite informe desfavorable por omitirse no expediente trámites esenciais e por inexistencia de crédito adecuado e suficiente.

A continuación o señor Canabal di que antes de comezar este punto gustaríalle saber para que serve o sistema CITY4?

O señor Alcalde responde que é unha aplicación para móbiles a través da cal se pasan avisos de avarías ás empresas concesionarias ou calquera outra incidencia.

Ben, pola resposta, entendo (segue dicindo o señor Canabal) que van votar en contra do reparo, ou a favor do levantamento. Por qué o fan?

Como pode ser que adxudiquen un contrato contra de todo procedemento?

Van adxudicar un contrato de servizos:

- Sen ningún procedemento de licitación.
- Sen existencia de crédito suficiente e adecuado para a prestación deste servizo.

Creo que queda claro na conclusión do informe de Intervención, cando literalmente di:

*“Por todo o que se emite o presente informe desfavorable, por omitirse no expediente trámites esenciais e por inexistencia de crédito suficiente e adecuado.*

*Corresponde ao pleno da corporación o levantamento dos citados reparos formulados por inexistencia de crédito suficiente e adecuado.*

*Por último, recordar que se debe cumprir un límite de gasto que será difícil conseguilo se dende o concello se seguen producindo gastos sen control e sen ter en conta as previsións orzamentarias, ademais de tratarse de gastos, na súa maioría, non urxentes e que se poderían prever nun plan de gastos de futuros exercicios presupostarios.”*

Ven claro, pois, que están a realizar unha adxudicación contraria á lei, e que esta pode ter responsabilidades para quen hoxe vote a favor. E isto deben coñecelo os Concelleiros, e votar en consecuencia.

O señor Barcala di que neste punto estarán todos de acordo co informe desfavorable da Secretaria-Interventora. De non ser así os Concelleiros que voten a favor do (levantamento do reparo) pagamento desta factura, estarán en condicións de responder ante a xustiza, porque vendo o que está a acontecer coas nosas facturas de anos pasados, debemos máis que nunca aternos á legalidade neste tema.

¿Cómo se pode acometer sen concurso previo o pago da contratación deste servizo e por si fora pouco sen a correspondente partida presupostaria? ¿Qué compromisos ten o señor Alcalde coa empresa?

Sen máis, unha vez debatido este punto decídese deixar sobre a mesa para a súa reconsideración e proceder coa correspondente modificación presupostaria para asignar crédito adecuado e suficiente así como para proceder coa correspondente licitación do contrato. Unha vez finalizado todo o procedemento darase conta ó Pleno para o seu coñecemento.

#### **4.Nomeamento dos membros das mesas electorais, con motivo das eleccións ó Parlamento Europeo 2014**

Convocadas as eleccións ó Parlamento Europeo que terán lugar o 25 de maio próximo, débense nomear os membros das mesas electorais, o cal se debe efectuar por sorteo público entre os días 25 a 30 de maio.

Aínda que a Xunta Electoral Central ten reiteradamente declarado que o sorteo debe realizarse en sesión plenaria do concello, vista a sentenza do Tribunal Constitucional 161/2013 de 26 de setembro, non hai obxección para que o referido sorteo poida realizarse ante a Xunta de Goberno Local, no caso de que o Pleno delegase a competencia, sempre que se leve a cabo en sesión pública.

Tendo en conta que o Pleno desta corporación delegou todas as súas competencias delegables na Xunta de Goberno Local, o Pleno da corporación acorda:

1. Avocar o coñecemento deste asunto
2. Proceder co sorteo para o nomeamento dos membros das mesas electorais, resultando designadas as seguintes:

<b>SECCIÓN 001 MESA A ( FORTE )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>MANUEL REGA RECAREY</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	FERNANDO ARES IGLESIAS
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	YOLANDA VILANOVA ANDIÓN

<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>MARTA PAZOS LÓPEZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIA DEL PILAR DE LA TORRE PANTOJA
VOGAL	2º SUPLENTE	DIEGO LÓPEZ CECILIA
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>SANTIAGO MILLÁN TORRE</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	CRISTINA TEJO COUTO
VOGAL	2º SUPLENTE	MARGARITA PEREIRAS MILLÁN

<b>SECCIÓN 001 MESA B ( CODESO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>MARIA XOSÉ SÁNCHEZ SEBIO</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	JOSÉ ANTONIO SANJUÁS CASAL
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	AURORA BECERRA RILO
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>MILAGROS BREY ÁLVAREZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	JESÚS UZAL MILLÁN
VOGAL	2º SUPLENTE	JESÚS IGLESIAS RODRÍGUEZ
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>M. ANGELES PÉREZ SÁNCHEZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	JAVIER CALVETE ARENAS
VOGAL	2º SUPLENTE	MARIA AZUCENA BARREIRO BERMÍN

<b>SECCIÓN 2 MESA A ( VIGO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>MARIA CARMEN TABOADA DE JESÚS</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	NATALIA SEISDEDOS RAVIÑA
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	OVIDIO RODEIRO TATO

<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>JOSÉ MANUEL REGOS BARRIO</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIA CRUZ MILLÁN CASAL
VOGAL	2º SUPLENTE	MARTA VARELA PENA
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>JOSÉ ANTONIO SALVADO COSTA</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MERCEDES MARÍA LAMEGO FURELOS
VOGAL	2º SUPLENTE	MARÍA MILAGROS TABOADA RODRÍGUEZ

<b>SECCIÓN 002 MESA B ( SERGUDE )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>ANTONIO GUERRERO MORENO</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	AMELIA MARGARITA CALDELAS VALDÉS
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	FÁTIMA MERA CAO
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>MARÍA ELSA TORRES CITOULA</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MANUEL ALEJANDRO FERNÁNDEZ GATO
VOGAL	2º SUPLENTE	FRANCISCO JAVIER RODRÍGUEZ DEL RÍO
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>JOSÉ CARLOS LISTE VALES</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	DAVID PEREIRA GULDRÍS
VOGAL	2º SUPLENTE	MARÍA SOLEDAD OTERO SEIJO

<b>SECCIÓN 002 MESA C( SERGUDE )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>JOSÉ TOMÁS AREA OTERO</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	CARLOTA SUÁREZ SANGIAO
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	CONCEPCIÓN FERREIRO MAGARIÑOS

<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>ROSA ESTÉVEZ PEREZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	JOSÉ LUIS MAGARIÑOS REGUEIRO
VOGAL	2º SUPLENTE	JOSE PÉREZ BARREIRO
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>ALEJANDRO SUÁREZ SANGIAO</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	RAÚL MAREQUE VARELA
VOGAL	2º SUPLENTE	AMELIA TABOADA SÁNCHEZ

<b>SECCIÓN 002 MESA D ( LAMAS )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>FRANCISCO MANUEL PAZOS IRIBARNEGARAY</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	SIRO GÓMEZ VIÑAS
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	MARIA CAMPUZANO PEREIRA DOS SANTOS
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>JORGE GARCÍA QUÍAN</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	LORENA REY CASTRO
VOGAL	2º SUPLENTE	MARIA ROSARIO CASTRO VÁZQUEZ
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>PABLO PAZOS SÁNCHEZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIA JESÚS NOYA CEREIJO
VOGAL	2º SUPLENTE	JUAN B. SALVADO LÓPEZ

<b>SECCION 4 MESA A ( LESTEDO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>ALBA ARCA ARIAS</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	ARGIMIRO VÁZQUEZ MONTES
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	ROCÍO MARTÍNEZ SILVA

<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>MODESTO CERDEIRA CLEMENTE</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	PABLO MIDÓN PEREIRA
VOGAL	2º SUPLENTE	JOSÉ ANTONIO NUÑEZ CERDEIRA
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>GLORIA RENDO ÁLVAREZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIO VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
VOGAL	2º SUPLENTE	ANGELA SANTASMARINAS LORENZO

<b>SECCION 4 MESA B ( LESTEDO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>MARIA DEL CARMEN ABAD GUERREIRO</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	MARIA CARMEN LEÓN SUÁREZ
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	OVIDIO JAVIER IGLESIAS MIRAGAYA
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>MANUEL MEJUTO PEREIRA</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	GERARDO DOVAL CARLET
VOGAL	2º SUPLENTE	ESTHER NOYA PARDO
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>BORJA PORRAL GONZÁLEZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIEL FORMOSO FRANQUEIRA
VOGAL	2º SUPLENTE	JOSÉ CARLOS SÁNCHEZ MOUGÁN
<b>SECCIÓN 005 MESA A ( CAMPORRAPADO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>SANDRA RENDO VILLAR</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	CRISTINA ABRALDES FERNÁNDEZ
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	FÁTIMA ELÍAS GAUDIOSO
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>JOSÉ PEREIRAS COLMEIRO</b>



VOGAL	1º SUPLENTE	ENRIQUE MIGUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS
VOGAL	2º SUPLENTE	MARÍA ANITA CARREIRA RODRÍGUEZ
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>JOSÉ ANTONIO ARGIZ PRADO</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARÍA CARMEN VÁZQUEZ BAHAMONDE
VOGAL	2º SUPLENTE	MARÍA ÁNGELES VILLAR GONZÁLEZ

<b>SECCIÓN 005 MESA B ( CAMPORRAPADO )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>MARIA TERESA VILAS GIADÁS</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	JOSÉ MANUEL VILAS GIADÁS
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	JOSÉ LAREO CALVO
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>JOSÉ REY ESTRAVIZ</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	LEONOR AUGUSTA FERNANDES FERREIRA
VOGAL	2º SUPLENTE	SONIA COUTO NODAR
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>SUSANA MARÍA SILVA REBOREDO</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	FRANCISCO JAVIER CAPEÁNS FREIRE
VOGAL	2º SUPLENTE	SANTIAGO EIRÍS LOBATO

<b>SECCIÓN 005 MESA C ( LEDESMA )</b>		
<b>PRESIDENTE</b>	<b>TITULAR</b>	<b>RUBÉN BALO RODRÍGUEZ</b>
PRESIDENTE	1º SUPLENTE	FABIÁN GRIJO TATO
PRESIDENTE	2º SUPLENTE	JAVIER RODRÍGUEZ RODRIGUEZ
<b>VOGAL</b>	<b>1º TITULAR</b>	<b>ANTONIO AMOSA ANDRADE</b>

VOGAL	1º SUPLENTE	MARCOS ASOREY VALES
VOGAL	2º SUPLENTE	FRANCISCO JAVIER FERRADAS BLANCO
<b>VOGAL</b>	<b>2º TITULAR</b>	<b>MERCEDES ANDRADE BOTANA</b>
VOGAL	1º SUPLENTE	MARIANO LEDO SOUTO
VOGAL	2º SUPLENTE	RAMÓN GARCIA CASTRO

Sen máis, asuntos que tratar, o Presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e Prace  
O Alcalde